

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de outubro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Jaime Aneiros Pereira.

Invitados

D. Javier Pardo Espiñeira
D^a. Eugenia Dolores Blanco Iglesias
D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. M^a Jesús Lago Rey
D^a. Ana Laura Iglesias González
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día trinta de outubro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1219).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 14 de outubro, ordinaria y extraordinaria e urxente do 16 de outubro e extraordinaria e urxente do 21 de outubro de 2015. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1220).- DAR CONTA DAS MODIFICACIÓNS E PROPOSTA DE REGULARIZACIÓN DO CUSTO DO CONTRATO DE “SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 5896/113.

Visto o informe xurídico do 7.10.15, e o informe de fiscalización do 23.10.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Redes e Comunicacóns, do 6.10.15, conformado polo xefe do Servizo de Admón. Electrónica, polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Unha vez finalizado o segundo ano do contrato do “Servizo integral de Comunicacóns do Concello de Vigo, entre o 1 de xullo de 2014 e o 30 de xuño de 2015, procede dar conta a Xunta de Goberno Local das modificacións aprobadas, así como propoñer a regularización económica correspondente ao citado período.

1. Informe. Modificacións do contrato.

Segundo a cláusula 32 do PCAP de data 28/12/2012, que rexe o presente contrato, reproducida a continuación, achéganse as modificacións aprobadas polo Concelleiro do Area durante o período 1/07/2014 a 30/06/2015, segundo delegación acordada en XGL de data 18/01/2013, resolución de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015, e acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2015

CLÁUSULA 32 DO PCAP.- MODIFICACION DO CONTRATO

O Órgano de Contratación poderá modificar os seguintes aspectos do contrato:

- Incorporación de novos servizos e equipos (1)
- O número de enlaces e servizos (2)
- O incremento de centros e instalacións municipais (3)

As CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN son as seguintes:

- Aumento do consumo variable respecto ó estimado (4)
- Incorporación de novos servizos respecto os solicitados no prego, ben por modificación das necesidades municipais ou ben pola aparición de novas tecnoloxías durante a vixencia do contrato ou ben pola apertura de novas sedes ou centros municipais (5)
- Situacións de urxencia que poidan requirir necesidades adicionais de servizos(6)

O contrato poderase modificar ata un 20% do prezo do contrato en todo caso, dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na normativa de contratación. En particular será de aplicación o disposto nos artigos 108, 211 e 219 do TRLCSP.

As modificacións acordadas terán, no seu caso, a correspondente repercusión –en máis ou en menos- sobre o prezo do contrato, que se calculará atendendo ós importes ofertados polo contratista e que serviron de base para a adxudicación.

As modificacións se aprobarán por resolución do concelleiro de Area e se dará conta das mesmas a Xunta de Goberno en informes trimestrais

ACORDO DA XGL DE DATA 18 DE XANEIRO DE 2013, DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COMUNICACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO (EXPTE 65896/113):

Terceiro.- Delegar a competencia de aprobación de modificacións para o contrato do servizo integral de comunicacóns, expediente 5896/113, no Concelleiro-delegado da área de Fomento, das que deberá dar conta trimestralmente na Xunta de Goberno Local

Os custos do contrato están divididos en custos fixos, que son os custos coñecidos a priori dos servizos, tales como altas, cotas, mantementos, tarifas planas etc e os custos variables que son os custos descoñecidos previamente, e que son fundamentalmente as chamadas voz, mensaxes e datos. A alta dun servizo inclúe os dous tipos de custos, fixo e variable. A continuación detallanse o listado de modificacións aprobadas cos custos fixos anuais e as circunstancias que posibilitan a modificación segundo a cláusula 32 do PCAP.

Listado de modificacións (altas) aprobadas entre o 1 de xullo de 2014 e o 30 de xuño de 2015 que afectan os custos de tipo fixo

<u>Nº. EXPTE.</u>	<u>DATA</u>	<u>SERVIZO</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>CUSTOS FIXOS ANUAIS ESTI- MADOS sen IVE</u>	<u>Tipoloxía Cláusula 32</u>
90111/210	12/08/14	Seguridade e Mobilidade	Alta de 6 liñas móbiles con tarifa de datos para sistema de medición de tempos de percorrido na cidade	748,08 €	1,5
4936/241	01/09/14	Contratación	Solicitud Smartphone con Tarifa plana de datos para xefe de área	259,83 €	1,5
896/341	19/09/14	Museos	Alta de 2 RTB e 4 ADSL para os sistemas de seguridade dos museos	1.596,24 €	1,5
15443/444	30/09/14	Electromecánicos	Alta de servizo M2M de comunicación de datos e tarxetas	3.931,69 €	1,5
4957/241	30/09/14	Contratación	Alta móbil tipo smartphone con tarifa de datos para xefa de servizo	259,83 €	1,5
12046/101	12/11/14	Alcaldía	Alta 2 liñas circunstanciais RDSI para programa especial no Auditorio de RNE	500,00 €	1,5,6
6909/320	25/11/14	Participación Cidadá	Alta liña telefónica e acceso internet para centro cívico A Miñoa	503,75 €	1,3,5
15578/444	14/01/15	Electromecánicos	Alta modem USB e liña móbil con tarifa plana de datos para telexestión escaleiras mecánicas	187,36 €	1,5
00006/415	14/01/15	Urbanismo	Alta duas liñas fixas integradas	326,88 €	1,5
5118/241	19/01/15	Contratación	Alta móbil básico corporativo	60,79 €	1,5
00001/2120	06/02/15	Policía Local	Alta 3 SIM con tarifa datos para automatizar comunicacións cabinas radar	468,00 €	1,5
11000/445	25/02/15	Parque Móbil	Alta 10 móbiles básicos corporativos para conductores	607,90 €	1,5
10497/255	17/03/15	Cemiterios	Alta móbil básico corporativo	60,79 €	1,5
7361/113	09/04/15	Administración	Actualización tarifas planas	1.296,00 €	2,5

<u>Nº. EXPTE.</u>	<u>DATA</u>	<u>SERVIZO</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>CUSTOS FIXOS ANUAIS ESTI- MADOS sen IVE</u>	<u>Tipoloxía Cláusula 32</u>
		Electrónica	de datos da corporación (27)		
105787/301	15/04/15	Benestar Social	Alta móbil básico corporativo	60,79 €	1,5
12854/101	27/04/15	Relacións Públicas	Alta smartphone e tarifa plana sobre liña básica	259,83 €	1,5
6109/335	22/05/15	Cultura e Festas	Alta móbil tipo smartphone con tarifa de datos para xefa de servizo	321,50 €	1,5
2185/500	10/06/15	Dirección de Ingresos	Alta liña fixa integrada	163,44 €	1,5
			TOTAL	11.612,70 €	

Por outro lado, a continuación relaciónanse as baixas de servizos durante o segundo ano do contrato coa estimación dos custos anuais fixos correspondentes:

<u>Concepto</u>	<u>Cantidade</u>	<u>Custos estimados Fixos Anuais sen IVE</u>	<u>Tipoloxía cláusula 32</u>
Liñas ADSL	5	1.642,80 €	1,5
Liñas RTB	2	282,00 €	1,5
Liñas RDSI	1	205,80 e	1,5
Tarifas planas datos móviles	6	889,02 €	1,5
Servizos VPN/IP-GigaAdsl	7	1.525,72 €	1,5
TOTAL		4.339,54 €	

O total estimado anual dos custes debidos as modificacións para os custos fixos é a diferenza entre as altas aprobadas e as baixas, e supón a cantidade de 7273,16 €. Esta é unha estimación anualizada, xa que na realidade as altas e baixas se prorratean desde a súa data efectiva, polo que non coincide exactamente coa regularización real.

As modificacións de servizos así como os cambios dos consumos variables respecto os estimados dos servizos inicialmente contratados, deron lugar as seguintes variacións, recollidas no punto (4) da cláusula 32 do PCAP:

Para tráfico variables de servizos fixos

<u>Tipo de tráfico</u>	<u>Tráfico Estimado Contrato</u>			<u>Tráfico Real 2014-2015</u>		
	<u>Chamadas</u>	<u>Minutos</u>	<u>Custo sen IVE</u>	<u>Chamadas</u>	<u>Minutos</u>	<u>Custo sen IVE</u>

Metropolitana	396.137	718.875	6.038,52	223.655,00	494.774,33	3.790,13
Metropolitanas internas corporativas	68.708	203.184	0	0,00	0,00	0,00
Provincial	21.548	50.840	648,24	12.719,00	32.539,00	414,88
Nacional	40.207	78.920	1.022,76	50.622,00	61.499,03	797,03
Internacional	1.688	6.442	223,68	1.289,00	6.602,78	229,31
Móvil	165.604	347.214	10.144,92	66.261,00	110.913,33	2.874,72
Rede Inteligente	52.038	42.611	3.720,48	3.804,00	8.982,33	607,47
Mensajería SMS aplicaciones						6.514,37
Resto	42.070	33342	2.254,92	43.472,00	38.297,48	2.930,90
TOTAL (TCF)			24.053,52	0,00	0,00	18.158,81

Para tráficos variables de servicios móviles

Tipo de tráfico	Tráfico Estimado Contrato			Real		
	Chamadas	Minutos	Custo sen IVE	Chamadas	Minutos	Custo sen IVE
TRAFICO INTERNO Móviles CORPORATIVOS (orixen fixo-Móvil)	77.118	125.451,81	839,06	120.304,08	195.704,82	1.308,93
TRAFICO NACIONAL A Móviles (orixen fixo-Móvil)	164.112	409.379,72	12.124,79	229.920,21	573.540,99	16.819,49
TRAFICO INTERNO Móviles CORPORATIVOS	237.992	403.216,67	2.637,60	335.092,74	567.729,07	3.713,74
TRAFICO NACIONAL A Fixos	68.974	142.541,58	4.234,91	95.873,86	198.132,80	5.886,52
TRAFICO NACIONAL A Móviles	307.022	699.155,00	20.731,72	485.094,76	1.104.664,90	32.756,12
RESTRO DE TRAFICO NACIONAL	5.659	12.081,44	3.670,23	7.894,76	16.854,58	5.120,26
(2) TRAFICO INTERNACIONAL	2.122	5.049,41	2.415,07	2.958,45	7.039,79	3.367,04

NAL/ITINE-RANCIA						
SMS OPERA-DORES NA-CIONALES	189.309	0	9.269,88	203.696,00	0,00	9.974,39
(2) SMS IN-TERNACIO-NAL/ITINE-RANCIA	1.089	0	282,82	762,00	0,00	197,97
			56.206,07			79.144,48

O total anual de variación por mor do aumento do consumo variable respecto o estimado (4) é de

	Importe oferta (sen IVE)	Importe real (sen IVE) 1º ano	Importe real (sen IVE) 2º ano	Diferenza (sen IVE) 2º ano e oferta
Custos variables servizos fixos	24.053,52	23.836,86	18.158,75	-5.894,77
Custos variables servizos móbiles	56.206,07	79.312,22	79.144,38	22.938,31
Total	80.259,59	103.149,08	97.303,13	17.043,54

O total estimado das modificacións aprobadas é a suma das modificacións dos custos fixos aprobados e dos custos variables resultando unha cantidade de 24.316,70 € sen IVE, que supón un 7,49% da oferta anual.

As modificacións aprobadas no ano 2013-2014 foron do 1,78% respecto a oferta anual. No conxunto do contrato, o total de modificacións aprobadas acumuladas nos dous primeiros anos respecto a oferta TOTAL (4 anos) é o 2,3175 %, que non supera o límite establecido do 20%

2. Proposta de regularización económica

Segundo a cláusula 5.5.7, no seu apartado 8, do PPT:

“Os licitadores indicarán nas súas propostas o formato, contidos, nivel de detalle, ferramentas de procesamento, data de presentación factura, e outras. Así mesmo, poderán propoñer esquemas tarifarios, baseados en custo/tempo ou custo/información polos diferentes tipos de tráfico ou facturacións fixas. No caso de propoñer un formato de facturación fixa concertada, presentarse como mínimo anualmente una proposta de regularización en base os custos reais para cada entidade municipal facturada. O Concello de Vigo resérvase a opción de efectuar regularizacións cada vez que o proceso de facturación o requira.”

así como a cláusula 32 do PCAP respecto as modificacións, e dado que o adxudicatario propuso un formato de facturación concertada fixa, procede a realización dunha regularización transcrito o primeiro ano de contrato.

O custo anual do contrato ofertado polo adxudicatario, que contén un custo fixo e outro variable, ascendeu a 392.578,53 euros (IVE incluído), polo que ao optarse por unha facturación fixa concertada supuxo unha facturación mensual de 32.714,88 euros/mes para o primeiro ano do contrato e que se mantivo no segundo ano segundo proposta aprobada pola XGL.

Segundo a proposta de regularización de data 14 de setembro de 2015 realizada polo adxudicatario, e unha vez realizados os análises e comprobación da facturación, por parte do servizo de Administración Electrónica, resulta a seguinte regularización:

Segundo os custos sexan fixos ou variables (importes sen IVE)

	Importe oferta (abonado)	Importe real 1º ano	Importe real 2º ano	Diferenza 2º ano – 1º ano	Diferenza 2º ano - oferta
Custos Fixos	244.185,48	225.129,40	223.467,49	-1.661,91	-20.717,99
Custos variables (orixe fixo)	24.053,52	23.836,86	18.158,75	-5.678,11	-5.894,77
Custos variables (orixe móbil)	56.206,07	79.312,22	79.144,38	-167,84	22.938,31
Total	324.445,07	328.278,47	320.770,61	-7.507,86	-3.674,46

En resumen:

	Custo base anual	IVE 21%	Total custo anual
Facturación concertada abonada	324.445,07	68.133,46	392.578,53
Custo real	320.770,61	67.361,83	388.132,44
Diferencia	-3.674,46	-771,63	-4.446,09

A diferenza das modificacións positivas aprobadas e a regularización negativa real débese a aplicación da baixa polo 85% do IPC negativo de comunicacións (5.01%) realizada na revisión de prezos do ano anterior, así como a estimación anualizada das altas e baixas fronte o prorrateo real segundo a data efectiva das súas realizacións.

A empresa adxudicataria, UTE Telefónica de España S.A.U - Telefónica Móviles España S.A.U. (CIF: U86740305) é conforme coa regularización por un importe total a favor do Concello de Vigo de 4.446,09 € segundo a citada proposta de regularización que se anexa ao expediente.

Por todo o exposto, e no uso da delegacións de competencias recollidas na Resolución de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015, e acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2015, proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe de Intervención, a adopción do seguinte:

ACORDO

1. *A Xunta de Goberno Local dáse por enterada das modificacións aprobadas polo Concelleiro delegado de Administración Electrónica con relación ao contrato “Servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo” entre o 01/07/2014 e o 30/06/2015, segundo o acordo de delegación acordado en XGL de 18 de xaneiro de 2013, por unha cantidade de 24.316,70 € sen IVE, que supón un 7,49% do prezo anual.*
2. *Aprobar a regularización do custo do contrato do “Servizo integral de comunicacións do concello de Vigo” entre as datas 01/07/2014 e o 30/06/2015, da que deriva un ingreso adicional para o Concello por importe de 4.446,09 €*
3. *Comunicar a adxudicataria UTE Telefónica de España S.A.U - Telefónica Móviles España S.A.U. (CIF: U86740305) que a regularización efectuarase mediante un único ingreso por valor de 4.446,09 (base 3.674,46 €, ive 21% 771,63) na conta do Concello de Vigo antes do 15 de decembro de 2015.*
4. *Dar conta o servizo de Tesourería municipal para que se faga o control preceptivo do ingreso da adxudicataria.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1221).- DAR CONTA DE SENTENZA E DECRETOS.

Dáse conta das seguintes Sentenzas e Decretos remitidos por Asesoría Xurídica:

- a) Expte. 9230/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 262/2015 P.A. Demandante: D^a. ESPERANZA GONZÁLEZ MARTÍNEZ. Obxecto: Resolución do 11.05.15 (en reposición).Axudas de Emerxencia Social 2015. Estimado parcialmente o recurso.
- b) Expte. 9251/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 313/15 P.A. Demandante: D. ALBERTO FREIRE ESTÉVEZ. Obxecto: “cuadrantes do servizo para 2015” da Policía municipal de Vigo. Desestimado o recurso.
- c) Expte. 9184/111. Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 257/2015 P.A. Demandante: D. ROBERTO LORENZO ALONSO. Obxecto: “cuadrante de servizo 2015”, Policía municipal. Desestimado o recurso.
- d) Expte. 9238/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no RC-A nº 332/2015 P.A. Demandante: D^a. MARÍA OYA DE GONZÁLEZ. Obxecto: resolución do 16.04.15. Responsabilidade patrimonial administrativa, caída na vía pública . Desestimado o recurso.
- e) Expte. 8279/111. Decreto do X.do Social nº 3 de Vigo no Procedemento 1159/2013. Demandante: D^a JOSE MANUEL VÁZQUEZ DÍAZ. Obxecto: Reclamación previa -Categoría Profesional e cantidades. Desestimanto da actora.
- f) Expte. 9266/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no RC-A nº 370/2015 P.A. Demandante: D^a. NEREA CALVO PICOS. Obxecto: Resolución do 15.04.15, responsabilidade patrimonial administrativa, caída na vía pública. Desestimado o recurso.

g) Expte. 8703/111. Sentenza do X. do Social nº 5 de Vigo no procedemento Ordinario 610/2014. Demandante: D^a VERÓNICA COSTAS RODRÍGUEZ. Obxecto: Reclamación de cantidade. Estimado parcialmente o recurso.

h) Expte. 9278/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 424/2015 P.A. Demandante: D. EDUARDO SILVA MARTÍNEZ. Obxecto: Resolución 25.06.15. Sanción tráfico e retirada de vehículo. Desestimado o recurso.

i) Expte. 9224/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº2 de Vigo no RC-A nº 341/2015 P.A. Demandante: D. ANDRÉS GÓMEZ CRESPO. Obxecto: Resolución do 7.07.15. Responsabilidade patrimonial administrativa, caída de ciclomotor na vía pública. Desestimado o recurso.

k) Expte. 9271/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 346/2015 P.A. Demandante: D^a. BEATRIZ TEBAR MARTINEZ . Obxecto: Providencia de constrinximento. Sanción de tráfico. Inadmisíbel o recurso.

l) Expte. 9257/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 403/2015 P.A. Demandante: D. PERGENTINO MARTÍNEZ PAMPILLÓN / UXT. Obxecto: "Cadrantes de servizo de Policía Municipal do 10.01.15". Desestimado o recurso.

m) Expte. 9287/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 430/2015 P.A. Demandante: UTE VIGO RECICLA
Obxecto: Resolución do 6.05.15. Reclamación patrimonial administrativa por impacto de colector. Desestimado o recurso.

n) Expte. 9274/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 426/2015 P.A. Demandante: D^a. M^a CONCEPCIÓN PAZO RIOBÓ. Obxecto: Resolución do 7.05.15 (en reposición) reclamación patrimonial administrativa, caída na vía pública. Desestimado o recurso.

o) Expte. 9366/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 444/2015 P.A. Demandante: D. ADOLFO GÓMEZ MONTOYA. Obxecto: Resolución do 26.05.15, reclamación patrimonial administrativa, danos en moto en X. Estévez. Estimado parcialmente o recurso.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

4(1222).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS CONTRA ACORDO DE DENEGACIÓN DE SUBVENCIONES A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ANIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DE SERVICIOS SOCIAIS NO ANO 2015. EXPTE. 115830/301 E 115746/301.

Dáse conta do informe-proposta de data 22.10.15, asinado polo asesor xurídico e a xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe da área de Benestar Social e conformado pola concelleira-delegada da mesma, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 17.04.2015, acordou aprobar as «Bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de subvencións a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais no ano 2015» (BOP nº 83, do 05.05.2015).

I.2. O obxectivo destas axudas é o de posibilitar a execución de proxectos e actividades na área dos servizos sociais de Vigo por parte de entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro, dirixidos ós colectivos que na Base 2ª se relacionan: familia e infancia, maiores, persoas con discapacidade, persoas emigrantes, inmigrantes e pertencentes a minorías étnicas, persoas marxinas sen fogar e persoas toxicómanas.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2015 consignouse, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.00, a cantidade de 50.000 € destinada, especificamente, a promover esta clase de proxectos sociais.

I.4. De acordo coas Bases e coa normativa reguladora das subvencións, estas axudas públicas outórganse de acordo cos principios de publicidade, concorrência e obxectividade (Bases primeira, nona, décima primeira e concordantes), así como os de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, transparencia, igualdade e non discriminación (Art. 8.3 LXS e Art. 5.2 LSG).

I.5. As Bases foron integramente publicadas no BOP de Pontevedra nº 83, do 05.05.2015, na web municipal e no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello. Tamén publicáronse anuncios na prensa local. O prazo de presentación de solicitudes foi dun mes, contado desde o día seguinte ó da publicación no BOP.

I.6. Tal como se reflicte na Acta da Comisión de Avaliación destas axudas de data 14.08.2015, durante ese prazo presentáronse un total de 54 proxectos de distintas asociacións, comprobándose o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa e realizando os requirimentos de documentación preceptivos ó abeiro do Art. 71 da LRX-PAC.

Todos eles foron examinados e valorados por esa Comisión, quen propuxo a estimación duns, cos importes concretos a percibir en cada caso, e a desestimación doutros, indicando neste caso o motivo concreto da denegación con fundamento nas Bases da convocatoria.

I.7. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG.....) e na Base reguladora décima, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 01.09.2015 acordou, por proposta da instrutora do expediente e previo informe da Comisión de Avaliación, resolver esta convocatoria de axudas nos seguintes termos:

«PRIMEIRO.- Conceder, con cargo á partida 2310.489.00.00 do vixente orzamento, a cantidade de 48.766,40 € en concepto de subvencións a entidades e asociacións, de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2015, segundo o seguinte desglose:

NOME ENTIDADE	NIF	PROXECTO	IMPORTE SOLICITADO	PUNTUACION OBTIDA	IMPORTE SEGUN PUNTUACION	IMPORTE CONCEDIDO
SOCIEDAD SAN VICENTE DE PAUL	G28256667	ASISTENCIA ALIMENTARIA Y ATENCION A FAMILIAS Y PERSONAS	3.000,00	25	1.245,00	1.245,00
ASOC. PARKINGON DE VIGO	G36962447	TERAPIA OCUPACIONAL EN PACIENTES CON PARKINSON	2.681,80	32	1.593,60	1.593,60
FUNDACION TUTELAR GALEGA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL "SALVORA"	G36733046	INFORMACION E ASESORAMENTO EN MATERIA DE PROTEC. DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECT.	3.000,00	26	1.294,80	1.294,80
ASOC. VIGUESA DE ALCOHOLIXIA -ASVIDAL-	G36627453	CONTRATAACION UNIDADE DE APOIO PROGRAMA CAPACITACION E INSERCIION SOC.	3.000,00	26	1.294,80	1.294,80
ASOC. ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER - XUNTA LOCAL DE VIGO	G28197564	PROGRAMA REHABILITACION PSICOSOCIAL DO DOENTE LARINGECTOMIZADO	1.753,80	33	1.643,40	1.643,40
ALENTOS - ASOC. DE DANO CEREBRAL DE VIGO	G36873511	INFORMACION E ASESORAMENTO ESPECIFICO A FAMILIARES DE AFECTADOS DE DANO CEREBRAL ADQUIRIDO	3.000,00	26	1.294,80	1.294,80
ASOC. XUVENIL AREAS	G36768729	A ESCOLIÑA	1.937,00	28	1.394,40	1.394,40
ASOC. DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDADE Y DEFICIT DE ATENCION - ANHIDA	G36938272	COACHIN A PAIS E NAIS DE AFECTADOS DE TDAH	3.321,12	24	1.195,20	1.195,20
ASAPANEX	G36605905	OBRADOIRO DE DINAMICAS PARA TRABALLAR A ESTIMULACION MOTRIZ E SENSORIAL	3.000,00	35	1.743,00	1.743,00
ASDAN AGRUPACION SOCIO DEPORTIVA ALTER-NATIVA	G27776459	"VIVE DEPORTIVAMENTE" ANO 2015 CONTINUIDADE E CONSOLIDACION	1.500,00	30	1.494,00	1.494,00
ASOC. RED MADRE PONTEVEDRA	G27707686	MARINA: APOIO PSICOLOXICO A MULLERES XEST. E LACT. CON NECESIDADES ESPECIALES	1.051,60	31	1.543,80	1.051,60
ASOC. AYUDA A LA VIDA - AYUVI	G36802536	COIDANDO AS EMOCIIONS	800,00	23	1.145,40	800,00
FUNDACION JUAN SOÑADOR	G24452435	PROXECTO SOCIOEDUCATIVO NA RÚA	3.000,00	34	1.693,20	1.693,20
ASOC. XARUMA	G27746486	NATURALMENTE	3.000,00	28	1.394,40	1.394,40
FEDERACION DE ASOCIACIONES DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA -COGAMI	G36704195	FISIOTERAPIA APLICADA A MELLORA DA PSICOMOTRICIDADE	3.000,00	30	1.494,00	1.494,00
AMAINA - ASOC. PARA A PROMOCION DA SAUDE	G27802818	GRUPO DE AUTOAPOIO PARA FAMILIARES DE PERSOAS CON PROBLEMAS DE ADICCION	2.765,00	21	1.045,80	1.045,80
ASOC. DE AYUDA AL ENFERMO MENTAL DOA	G36044295	REHABILITACION PSICOMOTRIZ EN PERSOAS CON PROBLEMAS DE SAUDE MENTAL	3.000,00	24	1.195,20	1.195,20
ASOC. AUTISMO VIGO	G36849883	INFORMACION SOBRE OS TRASTORNOS DO ESPECTRO DO AUTISMO	800,00	24	1.195,20	800,00
FEAFES GALICIA	G15545353	PROGR. INTEGRAL DE INFORMACION Y ATENCION SOCIOFAMILIAR A FAMILIAS, CODADORES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL	3.000,00	33	1.643,40	1.643,40
ASOC. DIVERSIDADES	G27783950	DRUM-BUN - ITINERARIOS FORMATIVOS PARA A INCLUSION SOCIAL 2015	3.000,00	32	1.593,60	1.593,60
FADEMG GALICIAQ	G36620037	SERVIZO DE EMPREGO DO CENTRO COLABORADOR DO SERVIZO PUBLICO DE EMPREGO	3.000,00	32	1.593,60	1.593,60
ASOC. DOWN VIGO	G36697324	"MOVE O CORPO" OBRADOIRO PSICOMOTRICIDADE	3.000,00	35	1.743,00	1.743,00
ASOC. FAMILIARES DE ALZHEIMER DE GALICIA	G 36776920	"ATENCION PSICOLOXICA INTEGRAL" DIRIXIDO A PERSOAS AVECTADAS DIRECTA OU INDIRECTAMENTE POR ALGUN TIPO DE DEMENCIA	3.286,50	26	1.294,80	1.294,80
RADIO ECCA FUNDACION CANARIA	G35103431	ECONOMIA DOSMESTICA E CIDADANIA	3.000,00	26	1.294,80	1.294,80
APAMP. ASOC. DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARALISE CEREBRAL	G36624120	XENTE INDEPENDENTE	2.000,00	26	1.294,80	1.294,80
HNOS. MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES	R3600319B	PROGRAMA DE ACOMPAÑAMIENTO SOCIAL DE HERMANOS MISIONEROS	3.000,00	35	1.743,00	1.743,00
ASOC. VIGUESA DE ESCLEROSIS MULTIPLE DE PONTEVEDRA (AVEMPO)	G36816106	LOGOPEDIA E ESCLEROSIS MULTIPLE	3.000,00	21	1.045,80	1.045,80
ASOC. GALEGA DE HEMOFILIA	G15220577	HEMOESCOLA	3.000,00	33	1.643,40	1.643,40
ASOC. INICIATIVAS APOIO INFANCIA (ARELA)	G36846152	PROGRAMA DE APOIO E EDUCACION FAMILIAR	3.000,00	31	1.543,80	1.543,80
ASOC. DE SERVICIOS A COMUNIDADE INCLUE	G27764844	PROGRAMA DE REINSECIION PSICOLOSOCIAL PARA PERSOAS CON PATOLOGIA DUAL	3.000,00	32	1.593,60	1.593,60
CENTRO SOCIOCULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO DE VALLADARES	G36617082	FACILITANDO O ACCESO A EDUCACION SECUNDARIA OBRIGATORIA	2.000,00	33	1.643,40	1.643,40
ACCION SOLIDARIA DE GALICIA	G27727593	REFORZO ESCOLAR PARA SECUNDARIA	1.800,00	28	1.394,40	1.394,40
FUNDACION CUME DESARROLLO DE CULTURAS Y PUEBLOS	G36797579	PROXECTO "FALAMOS" DE INTEGRACION E ALFABETIZACION DE INMIGRANTES	3.000,00	26	1.294,80	1.294,80
ASOC. DA 3ª IDADE NEVOX	G36806222	NA IDADE DE APRENDER A COMUNICARNOS DILIXENTEMENTE	2.500,00	25	1.245,00	1.245,00
FUNDACION MENIÑOS	G15551120	INTEGRACION FAMILIAR	3.000,00	30	1.494,00	1.494,00

SEGUNDO.- Desestimar as solicitudes de subvencións ás entidades que se relacionan, por non ser conformes coas bases reguladoras do programa, aprobadas en Xunta de Goberno Local de 17 de abril de 2015:

NOME ENTIDADE	NIF	PROXECTO	PUNTUACION OBTIDA	MOTIVO DESESTIMACIÓN
FUNDACION AMIGOS DE GALICIA	G15859911	"INSERTANDO"	0	DESESTIMADA BASE 3.8
ASOC. DE PERSONAS SORDAS DE VIGO	G36622835	OBRADOIROS PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA PARA PERSOAS XORDAS E OS SEUS FAMILIARES	6	DESESTIMADA BASE 3.4
ASOC. SODINAUTICA	G36796142	NAUTICA EN IGUALDADE	0	DESESTIMADA BASE 3.2
SODIM – SOCIEDAD DESARROLLO IDEAS TECNICAS MINUSVALIDOS FISICOS	G36633022	ACTIVIDADE 2015	0	DESESTIMADA BASE 3.2
ASO. XUBILADOS E PENSIONISTAS "ALFONSO DANIEL CASTELAO"	G36755254	XXII ANIVERSARIO DA ENTIDADE	0	DESESTIMADA BASE 3.2
FUNDACION ISIDRE ESTEVE	G25726316	CENTRO PONTE DE VIGO	6	DESESTIMADA BASE 3.4
CLUB DE OCIO Y TIEMPO LIBRE "NOVAS RUTAS"	G36854867	PROXECTO SOCIO-EDUCATIVO ALEDAR	0	DESESTIMADA (OBXECTO)BASES 1ª Y 2ª
FUNDACION IGUAL ARTE	G36427524	FIN DE SEMANA DE OBRADOIROS E CONVIVENCIA CON PERSOAS CON DISCAPACIDADE	0	DESESTIMADA BASE 3.2
FUNDACION ERGUETE-INTEGRACION	G36861078	INFORMACION XURIDICA AO TEU ALCANCE	4	DESESTIMADA BASE 3.4
ASOC. VECIÑOS SAN MIGUEL DE OIA	G36648640	MELLORANDO XUNTOS	0	DESESTIMAR. NO PRESENTO DOCUMENTACION
MULLERES PROGRESISTAS	G36657336	OBRADOIRO DE HISTORIA DE VIDA: O VIGO QUE CONSTRUIMOS	0	DESESTIMADA BASE 3.3
ASEM GALICIA	G36925691	XXX CONGRESO ASEM	0	DESESTIMADA BASE 3.2
SPECIAL OLYMPICS GALICIA	G15771777	A MANUTENCIÓN DOS COLABORADORES NOS XOGOS AUTONOMICOS DE NATACION VIGO 2015	6	DESESTIMADA BASE 3.4
REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS	G36928646	CO.RESSPONSABILIZANDO-NOS	0	DESESTIMADA BASE 3.2
ASOC. VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES	G36633618	AUTOESTIMA MEDIANTE TAREFAS DIARIAS	0	DESESTIMADA BASE 3.2
HERMANDAD PROVINCIAL DE ANTIGÜOS CABALLEROS LEGIONARIOS DE PONTEVEDRA	G36842409	MAYORES EN LA RED – MANUAL PREINICIO A LA INFORMATICA	0	DESESTIMADA. NON CUMPRE REQUISITOS.BASE 6 a)
FORGA	G36818367	INTEGRACION: FAMILIA-SOCIEDADE	1	DESESTIMADA BASE 3.4
ASOC. INTEGRACION	G94059755	INTEGRADOS15	0	DESESTIMADA BASE 3.8
ASOC. CULTURAL GALEGA DE FORMACION PERMANENTE DE ADULTOS	G15496607	VIGO É CULTURA	0	DESESTIMADA BASE 3.2

I.8. Este Acordo da Xunta de Goberno local, que puxo fin á vía administrativa, foi debidamente notificado ós interesados nas datas que constan no expediente. Durante o prazo habilitado para a interposición do recurso potestativo de reposición, presentáronse no Rexistro xeral municipal un total de dous (2) recursos, co contido que será obxecto de análise neste informe, emitido por solicitude verbal da Xefatura de Área de Benestar Social do 20.10.2015.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).

- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- «Bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de subvencións a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais no ano 2015» (BOP nº 83, do 05.05.2015).
- Bases de execución do Orzamento xeral do ano 2015 – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. Os dous (2) recursos potestativos de reposición presentados diríxense contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 01.09.2015, desestimatorio das súas solicitudes de concesión dunha axuda económica con cargo ás «Bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de subvencións a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais no ano 2015».

III.2. Os escritos de recurso cumpren todos eles cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpóñense en prazo e forma polos responsables das respectivas entidades e diríxense fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 107, 116 e ccdtes. LRX-PAC e Base décimo terceira), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión da subvención directa solicitada na instancia.

III.3. De acordo co disposto no Art. 117.2 LRX-PAC, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 43.2 LRX-PAC) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 42.1 LRX-PAC).

III.4. Procede, pois, entrar a coñecer os recursos presentados:

- Recurso de reposición presentado pola «Asociación Mulleres Progresistas de Vigo» (Recurso xeral, 18.09.2015; Doc. nº 150118671; Notificación acordo XGL: 11.09.2015; Exp. nº 115746/301).

Fundamento: Entenden que na oferta municipal de programas, proxectos e actividades incluídos no “Programa de Avellentamento activo” para 2015 non hai ningún programa de “historia de Vida” e que a súa actividade consistiría nun obradoiro alternativo, con actividades e obxectivos non contemplados na oferta anual da Concellería de Política Social,

salientando a súa especificidade (posta en valor do proceso de participación das persoas maiores como suxeitos activos na historia da cidade), intensidade (a desenvolver nun único mes a razón de tres sesións semanais, para un total de 30h de actividade) e resultados concretos (elaboración dun documento recompilatorio das experiencias dos/as participantes).

Resposta: Na Resolución da XGL impugnada fundamentouse a desestimación da axuda no disposto na Base terceira, punto 3, segundo a que «desestimáranse aquelas solicitudes nas que o obxecto e/ou finalidade da subvención poida encadrarse nun ou varios dos apartados seguintes (...) 3. Solicitudes que se refiran a programas, proxectos ou actividades que xa estean a executarse na Concellería de Política de Benestar a través dalgún contrato ou convenio de colaboración». En concreto, estimouse que neste ano 2015 a Concellería de Política Social xa ofertara, a través do seu “Programa de Avellentamento activo”, obradoiros semellantes de autoconhecimento individual e grupal, memoria activa, etc. Agora ben, valorados os argumentos expostos no escrito de recurso e examinado máis polo miúdo o contido do proxecto presentado á convocatoria pola «Asociación Mulleres Progresistas de Vigo» (“OBRADOIRO DE HISTORIA DE VIDA: O VIGO QUE CONSTRUÍMOS”), considérase que o mesmo sí tería substantividade propia e diferenciada das actividades ofertadas para este exercicio pola Concellería de Política Social. Acontece, sen embargo, que a entidade solicitante non acadaría a puntuación mínima de 7 puntos esixida nas Bases, obtendo unicamente 4 puntos, así desglosados: Antigüidade da entidade: 4 puntos; Capacidade de execución do proxecto sen contar co 100% da subvención solicitada: 0 puntos; Achega financeira da entidade ó proxecto: 0 puntos. En consecuencia, resulta de aplicación o disposto na Base terceira (Apdo. 4), segundo a que serán desestimadas aquelas solicitudes de subvención que non acaden a puntuación mínima esixida na valoración específica.

Proposta: Desestimar o recurso.

- Recurso de reposición presentado pola «Fundació Isidre Esteve» (Rexistro xeral, 22.09.2015; Doc. nº 150119794; Notificación acordo XGL: 09.09.2015; Exp. nº 115830/301).

Fundamento: Entenden que, revisados os criterios de valoración establecidos na Base novena, apartado A, existiría un erro na súa cuantificación e que sí acadarían a puntuación mínima esixida (7 puntos).

Resposta: Na Base novena indícase que «serán excluídas as solicitudes que non acaden un mínimo de 7 puntos nos contidos do apartado A» (criterios relacionados coa entidade) e a Base terceira (Apdo. 4) determina que serán desestimadas aquelas solicitudes de subvención que non acaden a puntuación mínima esixida na valoración específica. Pois ben, na Resolución da XGL considerouse que a achega financeira da «Fundació Isidre Esteve» era inferior ó 20% do importe do proxecto (a diferenza entre o custo total do proxecto, 41.164,30€, e a suma das achegas alleas previstas, públicas e privadas, 37.800€), polo que a puntuación que lle correspondía nese apartado era de só 1 punto que, sumado ó punto correspondente á antigüidade da Fundación (2015; Rex. Mpal. Asoc. nº 1253/15) e ós 4 puntos asignados pola capacidade de execución do proxecto, daban un total de só 6 puntos. Pois ben, aínda considerando como achega financeira propia a consignada na súa solicitude (14.300 €), o que lle permitiría superar aquela porcentaxe e obter a puntuación mínima de 7 puntos esixida nese apartado A, o certo é que a solicitude debería ser igualmente desestimada por non axustarse ás Bases. En efecto, á vista da documentación presentada, resulta acreditado que o que realmente se solicita pola «Fundació Isidre Esteve» é unha subvención non para financiar un programa ou ac-

tividade concreta, como se esixe nas Bases da convocatoria, senón parte dos gastos ordinarios derivados do funcionamento do seu "Centro Ponte de Vigo (Coruxo)", que inclúe os salarios de técnicos, seguros e, principalmente, o financiamento das obras de acondicionamento do seu local, estimado en 18.964,30€. Aínda valorando moi positivamente a iniciativa e a actividade xeral desta Fundación, enténdese que tal como estaba formulada a súa solicitude e tendo en conta os requirimentos deste Programa de axudas de Benestar Social, non resultaba posible a concesión da subvención peticiónada, sen prexuízo, claro está, de que nas vindeiras convocatorias poidan presentar e ser obxecto de subvención programas, proxectos ou actividades concretas relacionadas co seu obxecto social de axuda ás persoas con lesións medulares e discapacidades físicas.

Proposta: Desestimar o recurso.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 107-113 e 116-117 da LRX-PAC, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar expresamente, con base no informe-proposta transcrito na parte expositiva deste Acordo e polos motivos que no mesmo se indican, o recurso potestativo de reposición presentado pola «Asociación Mulleres Progresistas de Vigo» (Doc. nº 150118671), contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 01.09.2015 polo que se denegou a súa solicitude de concesión dunha axuda económica ó abeiro das «Bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de subvencións a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais no ano 2015».

SEGUNDO: Desestimar expresamente, con base no informe-proposta transcrito na parte expositiva deste Acordo e polos motivos que no mesmo se indican, o recurso potestativo de reposición presentado pola «Fundació Isidre Esteve» (Doc. nº 150119794), contra o referido acordo da XGL do 01.09.2015.

TERCEIRO: Notificar este Acordo ás entidades recorrentes, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 118.1 da LRX-PAC, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da súa notificación».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1223).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8700/255.

Visto o informe de fiscalización do 23.10.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, conformado pola concelleira

delegada de Medio Ambiente e Vida Saúdale, e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

FEITOS

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 24 de maio de 2013, adxudicou a *SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL, S.L.)*, o contrato do servizo de mantemento integral dos cemiterios municipais do Concello de Vigo (expte. 8700/255) por un prezo total de 789.826,79€ (IVE 21% incluído), sendo a cota corresponde ó IVE de 137.077,38 euros.

O contrato formalizouse en documento administrativo en data do 14/06/2013.

O prazo do contrato é de tres anos contados desde o día de inicio, 16/06/2013.

O prezo para os tres anos de contrato é de 789.826,79 € (IVE 21% incluído) o que representa un prezo anual con IVE de 263.275,60 euros.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 12/12/2014, aprobou o prezo revisado do contrato para a anualidade comprendida entre o 16/06/14 a 15/06/15, en 265.750,39 euros (IVE engadido).

II.- Segundo o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexen o contrato:

a) O prazo de execución do contrato e de tres anos (dende o 16/06/2013)

c) Prevé a posibilidade de tres prórrogas dun ano cada unha.

d) O apartado 3.I) das follas de características do contrato do PCAP establece a revisión de prezos nos seguintes termos:

“Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data da formalización do contrato e recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data da revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade”.

III.- Aplicado o anteriormente exposto ao contrato que nos ocupa resultaría a seguinte revisión do prezo:

A data de formalización do contrato foi o 14/06/2013, polo que a primeira revisión do prezo procedeu a partir do 14 (incluído) de xuño de 2014 e a segunda procedería a partir do 14 (incluído) de xuño de 2015.

A data de finalización do prazo de presentación de ofertas foi do 30/11/2012, e data de adxudicación do contrato foi 24/05/2013 (máis de tres meses despois).

O período a considerado para o cálculo da variación do IPC na primeira revisión de prezos foi do 28/02/2013 a 15/06/2014, polo que na segunda será do 16/06/2015 ata o 15/06/2016.

O IPC aplicado na primeira revisión de prezos foi de febreiro de 2013 a xuño de 2014, polo que na segunda será de xuño de 2014 a xuño de 2015 e que segundo os datos do INE foi de 0,1 % (cálculo segundo páxina web do INE), sendo o 85% do dita variación de 0,09 %.

O prezo revisado a pagar para o período dun ano comprendido dende o 16 de xuño de 2015 ata o 15 de xuño de 2016 será:

- $0,1\%(85\% \text{ de } 265.750,39\text{€}/\text{ano}) = 0,09\% \text{ de } 265.750,39\text{€}/\text{ano} = 239,18\text{€}/\text{ano}$ incremento.
- Total prezo anual revisado (16/06/2015 a 15/06/2016), IVE engadido: 265.989,57 euros.

IV.- Cálculo de atrasos para o período comprendido entre o 16/06/2015 ata o 30/09/2015,

$239,18\text{€}/\text{ano} : 12 \times 3,5 \text{ meses} = 69,76 \text{ euros.}$

V.- O pagamento do prezo revisado será con cargo á partida 1640.227.99.00 "Mantemento xardíns dos cemiterios" e a súa bolsa de vinculación, sen que a utilización da bolsa de vinculación repercuta no normal funcionamento do servizo habida conta que as accións previstas con cargo as partidas da dita bolsa foron executadas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- O contrato cuxa revisión de prezos nos ocupa foi adxudicado a Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L. (SAMYL, S.L) por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 24 de maio de 2013 (expte. 8700/255), formalizado en documento administrativo o 14/06/2013 e, por tanto, ao abeiro do réxime xurídico establecido pola redacción vixente naquela data do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (en adiante, TRLCSP).

Segundo.- O TRLCSP vixente á sazón establecía:

- Artigo 87. 3. "Os prezos fixados no contrato poderán ser revisados ou actualizados, nos termos previstos no Capítulo II deste Título (artigo 89 e ss.), se se trata de contratos das Administracións públicas, ou na forma pactada no contrato, noutro caso, cando deban ser axustados, á alza ou á baixa, para ter en conta as variacións económicas que acaezan durante a execución do contrato".

O artigo 89 e ss. do citado TRLCSP regulaban, con carácter xeral, a revisión de prezos nos contratos das Administracións públicas e determinaba nos apartados 1 e 3 deste artigo o seguinte:

1.- A revisión de prezos dos contratos das Administracións Públicas terá lugar, nos termos establecidos neste Capítulo e salvo que a improcedencia da revisión se prevera expresamente nos pregos ou pactado no contrato, cando este se executara, ó menos, no 20 por 100 do seu importe e transcorrera un ano desde a súa formación. En consecuencia, o primeiro 20 por 100 executado e o primeiro ano transcorrido desde a formalización quedarán excluídos da revisión.

3.- "o prego de cláusulas administrativas particulares ou o contrato deberán detallar, no seu caso, a fórmula ou sistema de revisión aplicable".

Terceiro.- O apartado 3.1) das follas de características do PCAP do contrato establece a revisión de prezos nos seguintes termos:

"Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data da formalización do contrato e recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data da revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade".

Cuarto.- A Disposición transitoria sobre o réxime de revisión dos valores monetarios da Lei estatal 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española, a cal da unha nova

redacción ó artigo 89 do TRLCS sobre o réxime de revisión de prezos dos contratos, sinala no seu apartado 1 que:

“O réxime de revisión de prezos dos contratos incluídos dentro do ámbito de aplicación do TRLCSP, aprobado polo Rdl 3/2011, de 14 de novembro, cuxo expediente de contratación fora iniciado antes da entrada en vigor do real decreto ó que se refire o artigo 4 desta Lei será o que estea establecido nos pregos. (...)”

Quinto.- A recomendación de data 19/05/2015, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sobre a aplicación do novo réxime xurídico de revisión de prezos creado como consecuencia da Disposición Adicional 88ª da Lei 22/2013, de 23 de decembro, de presupostos xerais do estado para o ano 2014 e a Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española, sinala no apartado I da parte dispositiva de dita recomendación o seguinte:

“I. Respecto ós contratos sometidos ó Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado mediante Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro:

a) No caso de que se trate de contratos que se iniciaran antes da entrada en vigor da Disposición Adicional 88ª da LPGE PARA 2014, entendendo a estes efectos que os expedientes de contratación foron iniciados se se houbera publicado a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato ou a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, se o procedemento de adxudicación foran negociados sen publicidade, seralles de aplicable o artigo 89 do TRLCSP, na redacción data polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou, no seu caso, a normativa de contratación pública anterior que resulte de aplicación en función do momento en que fora iniciado o expediente, mentras que ós contratados da entidades públicas non Administración pública, seralles de aplicación a normativa contida dentro do artigo 87.3 deste mesmo texto legal.

(...)”

Sexto.- *Por tanto, desde o punto de vista xurídico, pode concluírse que procede a revisión do prezo do contrato que nos ocupa nos termos establecido no PCAP que rexe o contrato conforme ó artigo 89 do TRLCS segundo a redacción dada polo Rdl 3/2011, de 14 de novembro, que é a aplicada no presente caso.*

Sétimo.- *O órgano competente para aprobar a revisión do prezo do contrato é a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación do Concello de Vigo ao abeiro do establecido na Disposición adicional segunda, apartado 3, do Rdl 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.*

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, trato informe favorable da Intervención xeral, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a segunda revisión do prezo do contrato do servizo de mantemento integral dos cemiterios municipais do Concello de Vigo: Beade, Bembrive, Cabral, Lavadores, Candeán, Pereiro, Teis e Zamáns (expte. 8700/255), adxudicado á entidade Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L. (SAMIL, S.L.) por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25/05/2013, formalizado en documento administrativo en data do 14/06/2013, con data de inicio o 16/06/2013, para a anualidade comprendida entre o 16/06/15 a 15/06/16 de 265.989,57 euros (IVE engadido), de conformidade co establecido na parte expositiva deste acordo. A partir de

outubro de 2015 (inclusive) o prezo mensual do contrato será de 22.165,79 euros (IVE 21% engadido).

SEGUNDO.- Autorizar o pagamento de 69,76 € euros (IVE 21% engadido) en concepto de atrasos pola revisión de prezo do contrato correspondente ó período comprendido entre o 16/06/2015 a 30/09/2015, con cargo á partida 1640.227.99.00 "Mantemento xardíns dos cemiterios" e a súa bolsa de vinculación, sen que a utilización da bolsa de vinculación repercute no normal funcionamento do servizo habida conta da escasa cuantía do importe a pagar.

TERCEIRO.- Notificar este acordo á entidade adxudicataria informándolle que conforme ós artigos 116.1, 117.2 e 43.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa, contra o dito acordo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición, perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a contar desde o seguinte ó da súa notificación ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa.

No caso de interpoñer o recurso potestativo de reposición, deberá ser resolto e notificado no prazo dun mes, entendéndose desestimado polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, podendo daquela os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de seis meses contados desde o día seguinte a aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso potestativo de reposición interposto.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1224).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "ESTABILIZACIÓN DO NOIRO DO CAMIÑO DA LAGOA EN TEIS". EXPTE. 3175/440.

Visto o informe de fiscalización do 26.10.15, dáse conta do informe-proposta do 19.10.15, asinado pola secretaría da da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 14 de outubro de 2015, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

5.- Proposta de Adxudicación.

a) *Procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de "ESTABILIZACIÓN DO NOIRO DO CAMIÑO DA LAGOA EN TEIS" (expediente 3175-440)*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*

- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de "ESTABILIZACIÓN DO NOIRO DO CAMIÑO DA LAGOA EN TEIS" (PCAP).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 25 de setembro de 2015, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Excluir a COPCISA, S.A., do procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de "ESTABILIZACIÓN DO NOIRO DO CAMIÑO DA LAGOA EN TEIS" (expediente 3175-440) por ter en vía executiva na data de finalización do prazo de presentación de ofertas no mesmo, unha débeda relativa a unha liquidación de licencia de actividade.

2º.- Propoñer á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, a adopción do seguinte acordo:

1. Darse por enterada da exclusión de COPCISA, S.A., do procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de "ESTABILIZACIÓN DO NOIRO DO CAMIÑO DA LAGOA EN TEIS" (expediente 3175-440) por ter en vía executiva na data de finalización do prazo de presentación de ofertas no mesmo, unha débeda relativa a unha liquidación de licencia de actividade, acordada na sesión da Mesa de Contratación do Concello de Vigo de data 15 de setembro de 2015.

2. Proceder, consonte ó previsto no artigo 151 do TRLCSP, a requirir ó licitador clasificado en segundo lugar neste procedemento, na Resolución da XGL de data 31 de xullo, ACEVI, S.L., a seguinte documentación:

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 300.000 euros.*
- *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en segundo lugar, Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L. (ACEVI, S.L.), o día 28 de setembro de 2015, que presenta a documentación requirida en data 30 de setembro, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 7 de outubro de 2015, apreciase que os certificados de non existencia de débedas coas facendas estatal e autonómica presentados están caducados, e acordase solicitarlle uns vixentes.

Cuarto.- Aportados uns novos certificados polo licitador, a Mesa de contratación na sesión de data 14 de outubro de 2015, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en segundo lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A segunda oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L. (ACEVI, S.L.), tal e como se pode apreciar no informe do xefe de área de Servizos Xerais de data 22 de xullo de 2015, que pode consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L. (ACEVI, S.L.),, o procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de “ESTABILIZACIÓN DO NOIRO DO CAMIÑO DA LAGOA EN TEIS” , por un prezo de 81.000 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.057,85 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1225).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE ASISTENCIA DA FUNCIONARIA MARTA NÚÑEZ ABOY A “GALICIA ESCENA PRO 2015” EN SANTIAGO DE COMPOSTELA. EXPTE. 15127/331.

Visto o informe xurídico do 15.10.15, e o informe de fiscalización do 21.10.15, dáse conta do informe-proposta do xefe de Cultura e Bibliotecas do 13.10.15, conformado

polo xefe de Promoción e Xestión Cultural, polo concelleiro-delegado de Cultura, polo concelleiro de Xestión Municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, resolveu que polo Servizo de Cultura e Bibliotecas se iniciase o expediente necesario para encomendar á funcionaria Marta Núñez Aboy a asistencia en Comisión de Servizo a Galicia Escena Pro 2015, que terá lugar en Santiago de Compostela entre os días 3 a 6 de novembro de 2015.

A citada funcionaria, xefa da oficina administrativa de programación cultural, ven desempeñando funcións de programación de música, teatro e danza que desenvolve ao longo do ano o servizo de Cultura, así como a programación estable de artes escénicas que se desenvolve no Auditorio Municipal. Como consecuencia deste feito, a citada funcionaria realiza funcións de xestión da programación de artes escénicas relacionadas directamente coa feira á que se lle encomenda a citada comisión de servizo, sendo ademais a representante polo Concello de Vigo na Rede Galega de Teatros Auditorios, e que terá lugar en Santiago de Compostela, entre os días 3 a 6 de novembro de 2015. Ao finalizar a feira o venres 6 de novembro pola noite, autorízase o regreso ao día seguinte da finalización da feira, o sábado 7 de novembro.

Ao non tratarse dun curso, encontro ou foro que se poida considerar como formación, senón dunha feira na que se visualizan ofertas de artes escénicas co obxectivo de realizar a posterior programación do servizo de Cultura, debería considerarse como unha viaxe oficial en comisión de servizo.

Estímanse pois uns gastos máximos que se xustificarán posteriormente e que previsiblemente serán inferiores que os estimados no presente informe:

- 112,84 € en concepto de 4 dietas de manutención.*
- 195,68 € en concepto de 4 dietas de aloxamento.*
- 200,00 € en concepto de gastos de transporte (en caso de utilizar vehículo particular: gasolina, posibles peaxes, parking, etc. En caso de utilizar transporte público: tren, autobús, avión, taxi...).*

As dietas se corresponden coa lexislación vixente correspondente aos grupos C1, ao que pertence a citada funcionaria.

Polo exposto, e coa conformidade do xefe do Servizo de Cultura e Bibliotecas, do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, do concelleiro-delegado da Área de Cultura, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal e do concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 1. Encomendar á funcionaria Marta Núñez Aboy, con nº de persoal 78436 e NIF 36138380K, a asistencia a Galicia Escena Pro 2015, que terá lugar en Santiago de Compostela entre os días 3 e 6 de novembro de 2015, en comisión de servizo por tratarse dunha viaxe oficial.*
- 2. Autorizar o regreso o día 7 de novembro.*
- 3. Autorizar a utilización de vehículo particular para realizar a viaxe e desplazamentos por Santiago de Compostela.*
- 4. Autorizar os seguintes gastos: 308,52 € en concepto de 4 dietas de manutención e de aloxamento, con cargo á partida 3340.230.20.00 "dietas de personal" e 200 € en concep-*

to de transporte e locomoción, con cargo á partida 3340.231.20.00 "locomoción do persoal non directivo".

5. Que o citado pagamento se realice a favor de Marta Núñez Aboy, NIF 36138380K, a través da conta de habilitación ES45 2080 5000 6931 1030 2692.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1226).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO "III EDICIÓN VIGO CONTRA EL CÁNCER" O VINDEIRO 1 DE NOVEMBRO DE 2015. EXPTE. 14390/333.

Dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 27.10.15, conformado polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A asociación VIGO CONTRA EL CÁNCER, con CIF (G27804376) solicitou o día 23-09-2015, a través do do Rexistro Municipal (Doc.150120684) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: III EDICIÓN VIGO CONTRA EL CÁNCER
- Data: 1 DE NOVEMBRO DE 2015

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 1 de novembro de 2015; a carreira terá carácter benéfico, e saírá ás 10.00h dende a Avda. De Castelao e percorrerán pola rúa Porriño, Padre Seixas, Florida (os corredores circularán en dirección á avda.de Citróen, sin chegar en ningún momento a abandonar a avda. Florida, realizando un cambio de sentido á altura da ponte, Avda. Florida e plaza América(ocupando o lateral da Plaza América), a carreira terá dúas distancias, unha de 5km e outra de 10km,para logo rematar na Avda de Castelao.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Protección civil

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á entidade VIGO CONTRA EL CÁNCER, con CIF (G27804376), a organizar o vindeiro domingo 1 de novembro de 2015 a III EDICIÓN VIGO CONTRA EL CÁNCER, a proba comenará ás 10.00h, e terá a saída dende Avda. De Castelao e percorrerán pola rúa Porriño, Padre Seixas, Florida (os corredores circularán en dirección á avda.de Citróen, sin chegar en ningún momento a abandonar a avda. Florida, realizando un cambio de sentido á altura da ponte, Avda. Florida e plaza América(ocupando o lateral da Plaza América), rematará na Avda de Castelao.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1227).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 12.698 € A FAVOR DE LOS MILAGROS S.L. POLO SERVIZO DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL ATALAIA-TEIS, SETEMBRO 2015. EXPTE. 17371/332.

Visto o informe de fiscalización do 16.10.15, e o informe xurídico do 23.10.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de actividades culturais, do 14.10.15, conformado pola concelleira-delegada de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de setembro de 2009, adjudicouse á empresa LOS MILAGROS S.L. a prestación do servizo de xestión das Escolas infantís municipais Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns e Santa Cristina-Lavadores (expte. 10715/332), polos seguintes importes anuais:

Lote	Escola	Importe
I	Xestión EIM Atalaia-Teis	201.785,16 €/ano
II	Xestión EIM Costeira-Saiáns	199.867,85 €/ano
III	Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores	210.059,35 €/ano

A adjudicación realizouse por un prazo de catro anos, con posibilidade de prórroga por dous anos mais, mediante acordo expreso do órgano de Contratación. O 26/07/2013 a XGL aproba a primeira prórroga (periodo 10/09/2013-09/09/2014) e o 08/08/2014 aproba a segunda e última prórroga (periodo 10/09/2014-09/09/2015). Tralas revisións de prezos aprobadas, o prezo/mes neste último periodo foi o seguinte:

Escola	Importe
Xestión EIM Atalaia-Teis	18.140,00 €/mes

Xestión EIM Costeira-Saiáns	17.967,64 €/mes
Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores	18.883,84 €/mes

Mediante Resolución de 6 de maio de 2015, a Delegada de Educación acordou iniciar o procedemento de contratación para a prestación do servizo para a xestión das escolas infantís municipais de Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns e Santa Cristina-Lavadores (expte. 17066/332). A Xunta de Goberno Local de data 10/07/15 aprobou os pregos técnico e administrativo do citado expediente, dando continuidade coa correspondente tramitación administrativa. Neste momento o expediente atópase nos últimos trámites para a súa resolución.

A tramitación administrativa do expediente levou ao feito de que a 10 de setembro de 2015 (data prevista inicialmente para o comezo do novo contrato), non estivera aínda adxudicado o novo concurso para a prestación deste servizo. En previsión da problemática que podería xerar esta situación, co curso académico xa iniciado, a Concelleira-Delegada de Educación, en Orde de Servizo de data 31/08/2015, ordenou solicitar á empresa que viña prestando o servizo a continuidade do mesmo ata a entrada en vigor do novo contrato, nas mesmas condicións económicas e contractuais coas que o viña desempeñando. Esta solicitude foi aceptada de forma expresa pola empresa Los Milagros SL mediante escrito de data 04/09/2015.

En consecuencia coa orde de servizo citada, e dado que aínda non se ten resolto o expediente de contratación (17066/332), a empresa adxudicataria Los Milagros SL, continuou coa prestación de dito servizo, nas mesmas condicións coas que ata o 09/09/15 se estaba realizando.

Con data 26 de setembro de 2015, LOS MILAGROS SL presentou factura núm. 69 (doc. num. 150123522), por importe de 12.698,00 €, correspondente á prestación do servizo na Escola Infantil Municipal Atalaia-Teis, durante o período do 10 ao 30 de setembro de 2015.

O importe facturado considerase axeitado, xa que o cálculo deste foi efectuado en base aos mesmos criterios, e correspóndense coas mesmas condicións económicas e contractuais coas que o viña desempeñando durante o período no que o contrato estivo vixente, tal e como se recolle na Orde de Servizo de data 31/08/15 da Concelleira delegada de Educación.

De non tramitar esta facturación, conforme á base 28ª das de execución do orzamento, mediante indemnización substitutiva, produciríase un enriquecemento inxusto para esta Administración, posto que LOS MILAGROS SL vén prestando os servizos en base á Orde de Servizo da concelleira delegada de Educación de data 31/08/15.

Xa que logo, faise necesario indemnizar á empresa polos servizos efectivamente prestados na EIM Atalaia-Teis, durante o período comprendido entre o 10 e o 30 de setembro de 2015. O importe ascende a 12.698,00 €, e correspóndese ao adeudado a esta empresa polo servizo durante ese período.

Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, co fin de aboar á empresa LOS MILAGROS SL, a cantidade adeudada, faise necesario que pola Xunta de Goberno Local se adopte o acordo de indemnizar a LOS MILAGROS SL en concepto de indemnización substitutiva, pola prestación do servizo de xestión da EIM Atalaia-Teis, durante o período comprendido entre o 10 e o 30 de setembro de 2015, pola cantidade de 12.698,00 €, con cargo á retención de crédito efectuada pola Intervención Xeral con data 29/06/15 na partida 3230 2279908 "Escola infantil municipal Atalaia-Teis" do vixente presuposto.

En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local, RESOLVER o seguinte:

1.- Convalidar a actuación de gasto realizada sen fiscalización previa, que figura na factura núm. 69 (doc. num. 150123522) por importe de 12.698,00 € correspondente ao servizo de xestión da Escola infantil municipal Atalaia-Teis durante o periodo comprendido entre o 10/09/15 e o 30/09/15, de LOS MILAGROS SL, con CIF B-36626109.

2.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor de LOS MILAGROS SL, por un importe de 12,698,00 € correspondente ao servizo de xestión da Escola infantil municipal Atalaia-Teis durante o periodo comprendido entre o 10/09/15 e o 30/09/15.

3.- Recoñecer as obrigas a favor de LOS MILAGROS SL, con CIF B-36626109, polo importe de 12.698,00 €, en concepto de prestación do servizo de xestión da Escola infantil municipal Atalaia-Teis durante o periodo comprendido entre o 10/09/15 e o 30/09/15 con cargo á retención de crédito efectuada pola Intervención Xeral con data 29/06/15 na partida 3230 2279908 "Escola infantil municipal Atalaia-Teis" do vixente presuposto.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1228).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 13.216,68 € A FAVOR DE LOS MILAGROS S.L. POLO SERVIZO DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SANTA CRISTINA-LAVADORES, SETEMBRO 2015. EXPTE. 17370/332.

Visto o informe de fiscalización do 16.10.15, e o informe xurídico do 23.10.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de actividades culturais, do 7.10.15, conformado pola concelleira-delegada de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos Facenda, que di o seguinte:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de setembro de 2009, adjudicouse á empresa LOS MILAGROS S.L. a prestación do servizo de xestión das Escolas infantís municipais Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns e Santa Cristina-Lavadores (expte. 10715/332), polos seguintes importes anuais:

Lote	Escola	Importe
I	Xestión EIM Atalaia-Teis	201.785,16 €/ano
II	Xestión EIM Costeira-Saiáns	199.867,85 €/ano
III	Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores	210.059,35 €/ano

A adjudicación realizouse por un prazo de catro anos, con posibilidade de prórroga por dous anos mais, mediante acordo expreso do órgano de Contratación. O 26/07/2013 a XGL aproba a primeira prórroga (periodo 10/09/2013-09/09/2014) e o 08/08/2014 aproba a segunda e última prórroga (periodo 10/09/2014-09/09/2015). Tralas revisións de prezos aprobadas, o prezo/mes neste último periodo foi o seguinte:

Escola	Importe
Xestión EIM Atalaia-Teis	18.140,00 €/mes
Xestión EIM Costeira-Saiáns	17.967,64 €/mes
Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores	18.883,84 €/mes

Mediante Resolución de 6 de maio de 2015, a Delegada de Educación acordou iniciar o procedemento de contratación para a prestación do servizo para a xestión das escolas infantís municipais de Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns e Santa Cristina-Lavadores (expte. 17066/332). A Xunta de Goberno Local de data 10/07/15 aprobou os pregos técnico e administrativo do citado expediente, dando continuidade coa correspondente tramitación administrativa. Neste momento o expediente atópase nos últimos trámites para a súa resolución.

A tramitación administrativa do expediente levou ao feito de que a 10 de setembro de 2015 (data prevista inicialmente para o comezo do novo contrato), non estivera aínda adxudicado o novo concurso para a prestación deste servizo. En previsión da problemática que podería xerar esta situación, co curso académico xa iniciado, a Concelleira-Delegada de Educación, en Orde de Servizo de data 31/08/2015, ordenou solicitar á empresa que viña prestando o servizo a continuidade do mesmo ata a entrada en vigor do novo contrato, nas mesmas condicións económicas e contractuais coas que o viña desempeñando. Esta solicitude foi aceptada de forma expresa pola empresa Los Milagros SL mediante escrito de data 04/09/2015.

En consecuencia coa orde de servizo citada, e dado que aínda non se ten resolto o expediente de contratación (17066/332), a empresa adxudicataria Los Milagros SL, continuou coa prestación de dito servizo, nas mesmas condicións coas que ata o 09/09/15 se estaba realizando.

Con data 26 de setembro de 2015, LOS MILAGROS SL presentou factura núm. 65 (doc. num. 150123518), por importe de 13.218,68 €, correspondente á prestación do servizo na Escola Infantil Municipal Santa Cristina-Lavadores, durante o período do 10 ao 30 de setembro de 2015.

O importe facturado considerase axeitado, xa que o cálculo deste foi efectuado en base aos mesmos criterios, e correspóndense coas mesmas condicións económicas e contractuais coas que o viña desempeñando durante o período no que o contrato estivo vixente, tal e como se recolle na Orde de Servizo de data 31/08/15 da Concelleira delegada de Educación.

De non tramitar esta facturación, conforme á base 28ª das de execución do orzamento, mediante indemnización substitutiva, produciríase un enriquecemento inxusto para esta Administración, posto que LOS MILAGROS SL vén prestando os servizos en base á Orde de Servizo da concelleira delegada de Educación de data 31/08/15.

Xa que logo, faise necesario indemnizar á empresa polos servizos efectivamente prestados na EIM Santa Cristina-Lavadores, durante o período comprendido entre o 10 e o 30 de setembro de 2015. O importe ascende a 13.218,68 €, e correspóndese ao adeudado a esta empresa polo servizo durante ese período.

Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, co fin de aboar á empresa LOS MILAGROS SL, a cantidade adeudada, faise necesario que pola Xunta de Goberno Local se adopte o acordo de indemnizar a LOS MILAGROS SL en concepto de indemnización substitutiva, pola prestación do servizo de xestión da EIM Santa Cristina-Lavadores, durante o período comprendido entre o 10 e o 30 de setembro de 2015, pola cantidade de 13.218,68 €, con cargo á retención de crédito

efectuada pola Intervención Xeral con data 29/06/15 na partida 3230 2279904 "Escola infantil municipal Santa Cristina-Lavadores" do vixente presuposto.

En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local, RESOLVER o seguinte:

1.- Convalidar a actuación de gasto realizada sen fiscalización previa, que figura na factura núm. 65 (doc. num. 150123518) por importe de 13.218,68 € correspondente ao servizo de xestión da Escola infantil municipal Santa Cristina-Lavadores durante o periodo comprendido entre o 10/09/15 e o 30/09/15, de LOS MILAGROS SL, con CIF B-36626109.

2.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor de LOS MILAGROS SL, por un importe de 13,218,68 € correspondente ao servizo de xestión da Escola infantil municipal Santa Cristina-Lavadores durante o periodo comprendido entre o 10/09/15 e o 30/09/15.

3.- Recoñecer as obrigas a favor de LOS MILAGROS SL, con CIF B-36626109, polo importe de 13.218,68 €, en concepto de prestación do servizo de xestión da Escola infantil municipal Santa Cristina-Lavadores durante o periodo comprendido entre o 10/09/15 e o 30/09/15 con cargo á retención de crédito efectuada pola Intervención Xeral con data 29/06/15 na partida 3230 2279904 "Escola infantil municipal Santa Cristina-Lavadores" do vixente presuposto.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1229).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 12.577,35 € A FAVOR DE LOS MILAGROS S.L. POLO SERVIZO DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL COSTEIRA-SAIÁNS, SETEMBRO 2015. EXPTE. 17390/332.

Visto o informe de fiscalización do 16.10.15, e o informe xurídico do 23.10.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de actividades culturais, do 9.10.15, conformado pola concelleira-delegada de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos Facenda, que di o seguinte:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de setembro de 2009, adxudicouse á empresa LOS MILAGROS S.L. a prestación do servizo de xestión das Escolas infantís municipais Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns e Santa Cristina-Lavadores (expte. 10715/332), polos seguintes importes anuais:

Lote	Escola	Importe
I	Xestión EIM Atalaia-Teis	201.785,16 €/ano
II	Xestión EIM Costeira-Saiáns	199.867,85 €/ano
III	Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores	210.059,35 €/ano

A adxudicación realizouse por un prazo de catro anos, con posibilidade de prórroga por dous anos mais, mediante acordo expreso do órgano de Contratación. O 26/07/2013 a XGL aproba a primeira prórroga (periodo 10/09/2013-09/09/2014) e o 08/08/2014 aproba a segunda e última

prórroga (periodo 10/09/2014-09/09/2015). Tralas revisións de prezos aprobadas, o prezo/mes neste último periodo foi o seguinte:

Escola	Importe
Xestión EIM Atalaia-Teis	18.140,00 €/mes
Xestión EIM Costeira-Saiáns	17.967,64 €/mes
Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores	18.883,84 €/mes

Mediante Resolución de 6 de maio de 2015, a Delegada de Educación acordou iniciar o procedemento de contratación para a prestación do servizo para a xestión das escolas infantís municipais de Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns e Santa Cristina-Lavadores (expte. 17066/332). A Xunta de Goberno Local de data 10/07/15 aprobou os pregos técnico e administrativo do citado expediente, dando continuidade coa correspondente tramitación administrativa. Neste momento o expediente atópase nos últimos trámites para a súa resolución.

A tramitación administrativa do expediente levou ao feito de que a 10 de setembro de 2015 (data prevista inicialmente para o comezo do novo contrato), non estivera aínda adxudicado o novo concurso para a prestación deste servizo. En previsión da problemática que podería xerar esta situación, co curso académico xa iniciado, a Concelleira-Delegada de Educación, en Orde de Servizo de data 31/08/2015, ordenou solicitar á empresa que viña prestando o servizo a continuidade do mesmo ata a entrada en vigor do novo contrato, nas mesmas condicións económicas e contractuais coas que o viña desempeñando. Esta solicitude foi aceptada de forma expresa pola empresa Los Milagros SL mediante escrito de data 04/09/2015.

En consecuencia coa orde de servizo citada, e dado que aínda non se ten resolto o expediente de contratación (17066/332), a empresa adxudicataria Los Milagros SL, continuou coa prestación de dito servizo, nas mesmas condicións coas que ata o 09/09/15 se estaba realizando.

Con data 5 de outubro de 2015, LOS MILAGROS SL presentou factura núm. 74 (doc. num. 150126367), por importe de 12.577,35 €, correspondente á prestación do servizo na Escola Infantil Municipal Costeira-Saiáns, durante o periodo do 10 ao 30 de setembro de 2015.

O importe facturado considerase axeitado, xa que o cálculo deste foi efectuado en base aos mesmos criterios, e correspóndense coas mesmas condicións económicas e contractuais coas que o viña desempeñando durante o período no que o contrato estivo vixente, tal e como se recolle na Orde de Servizo de data 31/08/15 da Concelleira delegada de Educación.

De non tramitar esta facturación, conforme á base 28ª das de execución do orzamento, mediante indemnización substitutiva, produciríase un enriquecemento inxusto para esta Administración, posto que LOS MILAGROS SL vén prestando os servizos en base á Orde de Servizo da concelleira delegada de Educación de data 31/08/15.

Xa que logo, faise necesario indemnizar á empresa polos servizos efectivamente prestados na EIM Costeira-Saiáns, durante o periodo comprendido entre o 10 e o 30 de setembro de 2015. O importe ascende a 12.577,35 €, e correspóndese ao adeudado a esta empresa polo servizo durante ese periodo.

Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, co fin de aboar á empresa LOS MILAGROS SL, a cantidade adeudada, faise necesario que pola Xunta de Goberno Local se adopte o acordo de indemnizar a LOS MILAGROS SL en concepto de indemnización substitutiva, pola prestación do servizo de xestión da EIM Costeira-Saiáns, durante o periodo comprendido entre o 10 e o 30 de setembro de 2015, pola cantidade de 12.577,35 €, con cargo á retención de crédito efectuada

pola Intervención Xeral con data 29/06/15 na partida 3230 2279907 "Escola infantil municipal Costeira-Saiáns" do vixente presuposto.

En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local, RESOLVER o seguinte:

1.- Convalidar a actuación de gasto realizada sen fiscalización previa, que figura na factura núm. 74 (doc. num. 150126367) por importe de 12.577,35 € correspondente ao servizo de xestión da Escola infantil municipal Costeira-Saiáns durante o periodo comprendido entre o 10/09/15 e o 30/09/15, de LOS MILAGROS SL, con CIF B-36626109.

2.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor de LOS MILAGROS SL, por un importe de 12.577,35 € correspondente ao servizo de xestión da Escola infantil municipal Costeira-Saiáns durante o periodo comprendido entre o 10/09/15 e o 30/09/15.

1.

3.- Recoñecer as obrigas a favor de LOS MILAGROS SL, con CIF B-36626109, polo importe de 12.577,35 €, en concepto de prestación do servizo de xestión da Escola infantil municipal Costeira-Saiáns durante o periodo comprendido entre o 10/09/15 e o 30/09/15 con cargo á retención de crédito efectuada pola Intervención Xeral con data 29/06/15 na partida 3230 2279907 "Escola infantil municipal Costeira-Saiáns" do vixente presuposto.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1230).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 8.156,38 € A FAVOR DE GAS NATURAL S.U.R. SDG S.A. POLO SUBMINISTRO DE GAS NATURAL PARA CALEFACCIÓN CENTRALIZADAS DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA E ESCOLAS MUNICIPAIS . EXPTE. 17320/332.

Visto o informe de fiscalización do 16.10.15, e o informe xurídico do 23.10.15, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 22.09.15, que di o seguinte:

O Servizo de Educación ao igual que en anos anteriores, procedeu a tramitar o subministro anual de gas natural a colexios públicos e a escolas municipais especificamente no expediente de gasto menor 16775-332 (RC-201500011597) coa finalidade de imputar a facturación das distintas comercializadoras e que se orixinaran polo citado subministro ao longo do ano 2015.

Debido ao incremento a finais do ano 2014 e principios de 2015 de colexios (Virxe do Rocio e Pintor Laxeiro), así como das Escolas Infantís Municipais de Bouzas e Tomás Alonso, así como ao incremento do prezo do combustible, o 16775-332 (RC-201500011597) esgotouse no mes de maio, procedendo este servizo a tramitar unha nova solicitude de autorización de gasto (expte. 17086-332), e que en data 5 de xuño de 2015, recíbese dilixencia de Intervención indicando que o citado expediente para subministro de gas presenta unha limitación de tipo cuantitativo no seu importe para este gasto de carácter xenérico, polo que seguindo as instrucións do Servizo de Intervención, procedeuse mediante resolución da Concelleira de Educación ao arquivo do mesmo.

Paralelamente o Servizo Municipal de Educación ten iniciado a tramitación dun expediente de contrato maior de subministro (Expte.:17125-332) para a CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE GAS NATURAL PARA AS INSTALACIÓNS DOS COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS MUNICIPAIS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO) para centros que contan con calefaccións centralizadas con caldeiras de gas natural e presuposto aparte. En tanto non se resolve a tramitación do expediente de contratación aberta deste subministro con suxeción ao disposto no RDL 3/2011 e, debido a que o subministro non se pode interrumpir dado que:

Os Municipios exercerán como competencias propias nos términos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias que afectan a este Servizo segundo a lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local -en adiante LBRL, segundo redacción pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalidade e sostenibilidade da Administración Local- e 80.2 n da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia- en adiante LALGA-)

artigo 25.2

- l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.
- m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.
- n) Participar na vixianza do cumprimento da escolaridade obrigatorio, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para construción de novos centros docentes. A Conservación, mantemento e vixianza dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

Dado que este subministro supón unha continuidade na prestación dun servizo xa establecido e unha obrigatoriedade de acordo coa instrución 1 do servizo de Intervención aprobada pola Xunta de Goberno Local 20/06/2014 e que se define como servizo e sector prioritario no Concello de Vigo no apartado 2; n). Este servizo de Educación debe asumir a xestión e execución das competencias e funcións que a lexislación vixente recoñece ás corporacións locais como responsabilidade de obrigado cumprimento no ámbito da Educación.

Consonante a esta normativa legal vixente, é responsabilidade do Concello con cargo aos seus orzamentos o subministro de combustibles-carburantes para calefaccións centralizadas con caldeiras de gas natural dos centros de ensino público de educación infantil e primaria, como garante dunhas boas condicións ambientais e de confortabilidade climática nos centros escolares, sendo estes factores elementos básicos de calidade educativa que posibilitan un uso satisfactorio por parte de todos os sectores da comunidade educativa (docentes, discentes e familias).

Según o indicado anteriormente a Empresa GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. (CIF Nº A-61797536) presentou no Rexistro Xeral do Concello as facturas polo subministro de gas a centros educativos e a escolas municipais que se recollen de seguido:

COLEXIO	Nº EXPE-DIENTE	NºFACTURA	PERÍODO	IMPORTE	TOTAIS
CEIP "A PAZ" TINTUREIRA		PI15142000172358	13.03.15/13.04.15	338,16	
CEIP "A PAZ" TINTUREIRA		PI15142000220842	14.04.15/12.05.15	160,89	
CEIP "A PAZ" TINTUREIRA		PI15142000286444	13.05.15/12.06.15	145,47	
CEIP "A PAZ" TINTUREIRA		PI15142000011600	13.05.15/12.06.15	1,66	

CEIP "A PAZ" TINTUREIRA CEIP "A PAZ" TINTUREIRA CEIP "A PAZ" TINTUREIRA		PI15142000326046 PA15142000011605 PI15142000374581	13.06.15/13.07.15 13.06.15/13.07.15 14.07.15/12.08.15	333,62 15,22 346,10	
					1.341,12
CEP "DR.FLEMING" CEP "DR.FLEMING" CEP "DR.FLEMING" CEP "DR.FLEMING" CEP "DR.FLEMING"		PI15142000172382 PI15142000220814 PI15142000286436 PI15142000326041 PI15142000374582	13.03.15/13.04.15 14.04.15/12.05.15 13.05.15/12.06.15 13.06.15/13.07.15 14.07.15/12.08.15	374,23 482,05 313,20 322,74 179,77	
					1.671,99
CEIP "RÍA DE VIGO" CEIP "RÍA DE VIGO" CEIP "RÍA DE VIGO" CEIP "RÍA DE VIGO" CEIP "RÍA DE VIGO"		PI15142000172352 PI15142000220824 PI15142000286443 PI15142000326038 PI15142000374584	13.03.15/13.04.15 14.04.15/12.05.15 13.05.15/12.06.15 13.06.15/13.07.15 14.07.15/12.08.15	265,57 65,61 65,61 65,61 296,68	
					759,08
CEIP "ILLAS CÍES" CEIP "ILLAS CÍES" CEIP "ILLAS CÍES" CEIP "ILLAS CÍES" CEIP "ILLAS CÍES"		PI15142000172354 PI15142000220833 PI15142000286441 PI15142000326037 PI15142000374583	13.03.15/13.04.15 14.04.15/12.05.15 13.05.15/12.06.15 13.06.15/13.07.15 14.07.15/12.08.15	727,59 114,84 97,97 97,97 98,64	
					1.137,01
CEIP "VIRXE DO ROCÍO" CEIP "VIRXE DO ROCÍO" CEIP "VIRXE DO ROCÍO" CEIP "VIRXE DO ROCÍO" CEIP "VIRXE DO ROCÍO"		PI15142000172359 PI15142000220851 PI15142000286439 PI15142000339415 PI15142000393641	13.03.15/13.04.15 14.04.15/12.05.15 13.05.15/12.06.15 13.06.15/13.07.15 14.07.15/12.08.15	701,74 256,82 98,62 109,93 199,69	
					1.366,80
CEIP "PINTOR LAXEIRO" CEIP "PINTOR LAXEIRO"		PI15142000199196 PI15142000317035	04.03.15/05.05.15 06.05.15/02.07.15	736,06 557,58	
					1.293,64
EI TOMÁS ALONSO EI TOMÁS ALONSO EI TOMÁS ALONSO		PI15142000169591 PI15142000278466 PI15142000378713	13.02.15/16.04.15 17.04.15/15.06.15 16.06.15/14.08.15	435,43 99,20 52,11	
					586,74
EI CASIANO MTNEZ BOU- ZAS EI CASIANO MTNEZ BOU- ZAS EI CASIANO MTNEZ BOU- ZAS		PI15142000169582 PI15142000278465 PI15142000378714	13.02.15/16.04.15 17.04.15/15.06.15 16.06.15/14.08.15	639,47 259,79 52,11	
					951,37
TOTAIS					8.156,38

Considérase que os prezos de cada unha das facturas presentadas están axustados aos criterios fixados no artigo 92 da Lei 34/1998 de 7 de outubro, do Sector de Hidrocarburos desenvolvidos polo artigo 25 do RD 949/2001 de 3 de agosto polo que se regula o acceso de

terceiros ás instalacións gasistas e polo que se establece un sistema económico de gas natural.

Compre sinalar as graves consecuencias que tería a ausencia de subministro de combustible para o normal funcionamento dos colexios e das escolas municipais imposibilitando o encendido do sistema de calefacción durante os meses de inverno, a produción de auga quente sanitaria e auga para consumo do alumnado e profesorado, o que non permite acadar as condicións mínimas de confortabilidade para o desenvolvemento das actividades lectivas, o que na práctica os deixaría fora de servizo.

Por todo o anteriormente exposto e para poder afrontar o gasto indicado e conforme ás instrucións da Concelleira de Educación, se detrae esta obriga económica da partida 3230.227 99 05 (XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL DE NAVIA) xa que está previsto o inicio da actividade no mes de setembro 2015, estimando un gasto de 85.500,00 €, habendo saldo suficiente na partida e na bolsa de vinculación 22, polo que non afecta ao normal desenvolvemento do Servizo e se procede a tramitación do correspondiente expediente de indemnización substitutiva con cargo á partida 3230 221 02 00 (Subministro de Gas) e bolsa de vinculación do vixente orzamento.

Co fin de aboar á empresa GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. (CIF Nº A-61797536) a cantidade adebedada, faise necesario que pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, se adopte o acordo de pagar a esta empresa, en concepto de indemnización substitutiva polo subministro de combustible-carburante para as calefaccións centralizadas con caldeiras de gas natural a cantidade de 8.156,38 (OITO MIL CENTO CINCOENTA E SEIS CON TRINTA E OITO) €, con cargo á partida presupuestaria 3230 221 02 00 (Subministro de Gas) e bolsa de vinculación do vixente presuposto municipal.

En consecuencia, aos efectos oportunos de evitar un enriquecemento inxusto da facenda municipal e previo informe da Intervención Xeral, se propón a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte:

ACORDO

“Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. (A-65067332), por importe de 8.156,38 (OITO MIL CENTO CINCOENTA E SEIS CON TRINTA E OITO) € €, polo subministro de combustible-carburante para as calefaccións centralizadas con caldeiras de gas natural de:

1.

COLEXIO	Nº EXPE-DIENTE	NºFACTURA	PERÍODO	IMPORTE	TOTAIS
CEIP "A PAZ" TINTUREIRA		PI15142000172358	13.03.15/13.04.15	338,16	
CEIP "A PAZ" TINTUREIRA		PI15142000220842	14.04.15/12.05.15	160,89	
CEIP "A PAZ" TINTUREIRA		PI15142000286444	13.05.15/12.06.15	145,47	
CEIP "A PAZ" TINTUREIRA		PI15142000011600	13.05.15/12.06.15	1,66	
CEIP "A PAZ" TINTUREIRA		PI15142000326046	13.06.15/13.07.15	333,62	
CEIP "A PAZ" TINTUREIRA		PA15142000011605	13.06.15/13.07.15	15,22	
CEIP "A PAZ" TINTUREIRA		PI15142000374581	14.07.15/12.08.15	346,10	
					1.341,12
CEP "DR.FLEMING"		PI15142000172382	13.03.15/13.04.15	374,23	
CEP "DR.FLEMING"		PI15142000220814	14.04.15/12.05.15	482,05	
CEP "DR.FLEMING"		PI15142000286436	13.05.15/12.06.15	313,20	
CEP "DR.FLEMING"		PI15142000326041	13.06.15/13.07.15	322,74	

COLEXIO	Nº EXPE-DIENTE	NºFACTURA	PERÍODO	IMPORTE	TOTAIS
CEP "DR.FLEMING"		PI15142000374582	14.07.15/12.08.15	179,77	
					1.671,99
CEIP "RÍA DE VIGO"		PI15142000172352	13.03.15/13.04.15	265,57	
CEIP "RÍA DE VIGO"		PI15142000220824	14.04.15/12.05.15	65,61	
CEIP "RÍA DE VIGO"		PI15142000286443	13.05.15/12.06.15	65,61	
CEIP "RÍA DE VIGO"		PI15142000326038	13.06.15/13.07.15	65,61	
CEIP "RÍA DE VIGO"		PI15142000374584	14.07.15/12.08.15	296,68	
					759,08
CEIP "ILLAS CÍES"		PI15142000172354	13.03.15/13.04.15	727,59	
CEIP "ILLAS CÍES"		PI15142000220833	14.04.15/12.05.15	114,84	
CEIP "ILLAS CÍES"		PI15142000286441	13.05.15/12.06.15	97,97	
CEIP "ILLAS CÍES"		PI15142000326037	13.06.15/13.07.15	97,97	
CEIP "ILLAS CÍES"		PI15142000374583	14.07.15/12.08.15	98,64	
					1.137,01
CEIP "VIRXE DO ROCÍO"		PI15142000172359	13.03.15/13.04.15	701,74	
CEIP "VIRXE DO ROCÍO"		PI15142000220851	14.04.15/12.05.15	256,82	
CEIP "VIRXE DO ROCÍO"		PI15142000286439	13.05.15/12.06.15	98,62	
CEIP "VIRXE DO ROCÍO"		PI15142000339415	13.06.15/13.07.15	109,93	
CEIP "VIRXE DO ROCÍO"		PI15142000393641	14.07.15/12.08.15	199,69	
					1366,8
CEIP "PINTOR LAXEIRO"		PI15142000199196	04.03.15/05.05.15	736,06	
CEIP "PINTOR LAXEIRO"		PI15142000317035	06.05.15/02.07.15	557,58	
					1.293,64
EI TOMÁS ALONSO		PI15142000169591	13.02.15/16.04.15	435,43	
EI TOMÁS ALONSO		PI15142000278466	17.04.15/15.06.15	99,20	
EI TOMÁS ALONSO		PI15142000378713	16.06.15/14.08.15	52,11	
					586,74
EI CASIANO MTNEZ BOUZAS		PI15142000169582	13.02.15/16.04.15	639,47	
EI CASIANO MTNEZ BOUZAS		PI15142000278465	17.04.15/15.06.15	259,79	
EI CASIANO MTNEZ BOUZAS		PI15142000378714	16.06.15/14.08.15	52,11	
					951,37
TOTAIS					8.156,38

con cargo á partida presupuestaria 3230 221 02 00 (Subministro de Gas) e bolsa de vinculación do vixente presuposto municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1231).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA PARA ACCIÓNS ENCAMIÑADAS Á PROMOCIÓN DA IGUALDADE. EXPTE. 6884/224.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 27.10.15, conformado pola concelleira delegada de dito servizo, que di o seguinte:

A Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, a través da Resolución do 8 de outubro de 2015, aproba as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e procede á súa convocatoria para o ano 2015 (DOG núm. 194 do 9 de outubro de 2015).

O obxecto da convocatoria é a concesión de subvencións para o desenvolvemento de programas, actividades, actuacións e medidas para facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, o tratamento integral da violencia de xénero, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural; así como para consolidar o funcionamento de servizos de atención integral de información e asesoramento ás mulleres no territorio, co fin de prestarlles unha atención e acompañamento de proximidade, psicolóxico, xurídico e de orientación sociolaboral ás mulleres, e en particular, a aquelas que pertencen a colectivos en risco de exclusión ou estean nalgunha situación de vulnerabilidade, de cara a mellorar a súa situación social, laboral e profesional.

Coa dita finalidade a convocatoria establece os seguintes programas:

- a) Programa de fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar*
- b) Programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero*
- c) Programa de apoio aos centros de información ás mulleres.*

Atendendo ás bases da convocatoria, cada entidade só poderá presentar unha solicitude de axuda para cada un dos programas previstos na resolución.

O Concello de Vigo, a través da concellería de Igualdade, ten unha ampla traxectoria na finalidade de traballar al prol da igualdade e de combater a violencia contra as mulleres. Este traballo materializouse en documentos técnicos elaborados para planificar e executar accións encamiñadas a conseguir este fín. Así, o Concello de Vigo xa ten executado tres planes municipais de igualdade e dous planos de actuación para combater a violencia contra as mulleres. Actualmente, o Concello de Vigo mantén vixente o "IV plan integral de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes" por acordo da Corporación Municipal da sesión plenaria do 25/01/2013; este documento de traballo permite mellorar as políticas e as intervencións a prol da igualdade entre mulleres e homes no Concello de Vigo.

Vistos os requisitos e demais normativa reguladora, este órgano xestor valora convinte presentar á devandita convocatoria os programas que de seguido se dín:

- a) Programa de fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar*
.- "Servizo Municipal de atención domiciliar á infancia" . Orzamento: 131.385,32€. Axuda solicitada :12.000,00 €
- b) Programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero*
.- "Programa de asistencia psicolóxica ás fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero" Orzamento: 9.866,30€. Axuda solicitada: 8.000,00 €
- c) Programa de apoio aos centros de información ás mulleres.*

.- “Programa de apoio ao Centro Municipal de información dos dereitos da muller” . Orzamento: 182.159,52€. Axuda solicitada :45.000,00 €

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar a solicitude de subvención que presenta a concellería de Igualdade por un importe total de 65.000,00 €, en base ao disposto na Resolución do 8 de outubro de 2015, da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, pola que se aproban as bases reguladoras que rexerán as axudas e as subvencións destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (DOG num. 194 do 9 de outubro de 2015), distribuída do seguinte xeito:

- Servizo Municipal de atención domiciliaria á infancia . Orzamento: 131.385,32€. Axuda solicitada :12.000,00 €.*
- Programa de asistencia psicolóxica ás fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero“ Orzamento: 9.866,30€. Axuda solicitada: 8.000,00 €.*
- Programa de apoio ao Centro Municipal de información dos dereitos da muller” . Orzamento: 182.159,52€. Axuda solicitada :45.000,00 €.*

2º.- Comprometer ao Concello de Vigo, a través da concellería de Igualdade, a financiar o custo das accións obxecto de axuda que non resulte financiado pola Secretaría Xeral da Igualdade para a súa completa realización, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

3º.- Designar á xefa do servizo municipal de igualdade Dña. Cristina Gómez García para levar a cabo as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral da Igualdade que se desprenden das bases reguladoras aprobadas mediante Resolución do 8 de outubro de 2015 que rexerán estas axudas.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1232).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DO “PROXECTO DE INTERVENCIÓN E APOIO FAMILIAR COAS USUARIAS DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO”. EXPTE. 6844/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13.10.15, e o informe de fiscalización do 27.10.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, da mesma data, conformado pola concelleira delegada de dito servizo e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Lei Orgánica Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero establece que as Corporacións locais organizarán os servizos de asistencia social integral que responderán aos principios de atención permanente, actuación urxente e especialización de prestacións e multidiscipliniedade profesional.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes imponlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Atendendo á instrucción 1/2014 de Intervención Xeral en relación á aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa citada Lei 27/2013, este servizo xestor informa de que as actuacións que esta concellería vai realizar baixo este expediente de contratación consisten en actuacións xa establecidas pola concellería de Igualdade en exercicios anteriores e con cargo á mesma partida presupostaria: "IV Plan de Igualdade Municipal" 23112279906, plan que xa está vixente desde o exercicio 2009 polo que se xustifica a continuidade que require a norma.

A Concellería de Igualdade conta con recursos específicos para a atención de mulleres vítimas de violencia de xénero entre os que destaca o Centro Municipal de Información dos Dereitos da muller (CMIDM) e a rede municipal de vivendas de protección para mulleres maltratadas. Estes servizos mencionados complementáanse e coordínanse co Centro de Emerxencia que xestiona o Consorcio Galego de Servizos Sociais e Igualdade conveniado co Concello de Vigo.

As tres vivendas municipais de protección están ubicadas en distintas zonas da cidade e son un recurso social específico que a Concellería de igualdade destina á finalidade de acoller temporalmente a mulleres maltratadas e persoas delas dependentes que carezan de suficientes recursos económicos e persoais para afrontar a ruptura de vínculos co agresor. A estadía é temporal e, durante a súa estancia, se ofrece ás mulleres a axuda e o apoio dunha educadora familiar que contribúe a que as mulleres beneficiarias da rede consigan as ferramentas e os recursos necesarios para levar adiante unha vida independente e autónoma e un afastamento do contexto de violencia.

O obxecto do presente convenio comprende fundamentalmente o desenvolvemento dun proxecto de intervención e apoio familiar coas mulleres vítimas de violencia de xénero acollidas nas vivendas municipais de protección que permita que cando remate o período establecido de cesión da vivenda municipal, a usuaria teña conseguido ou mellorado as habilidades persoais, recursos económicos e sociais que lle permitan establecer unha vida independente e autónoma xunto cos seus fillos e fillas dependentes.

No expediente non se fai ningunha indicación sobre o enderezo das vivendas que integran a rede municipal por razóns obvias de seguridade e protección das mulleres acollidas e das súas fillas e fillos. Éste é unha das principais razóns que motivan a non cinguir concorrencia pois a concorrencia implicaría difundir máis do estrictamente necesario a existencia desta rede. Aínda que non se facilitasen os enderezos das vivendas, a concorrencia implicaría dar difusión á rede, feito que este servizo non valora nada convinte pois a pretensión é que esta rede de acollida sexa o máis "segreda" posible, ocultando a súa existencia na medida do posible, pois somos coñecedoras de que canta mais persoas coñezan a súa existencia máis doado é para os agresores coñecer os enderezos da mesma e pór en perigo ás mulleres e persoas delas dependentes. Estes mesmos motivos son os que nos aconsellan celebrar o convenio coa Asociación Mulleres Progresistas en concreto, e non con outras, pois é unha entidade sen ánimo de lucro, que ten unha ampla traxectoria de traballo na cidade a prol da defensa dos dereitos das mulleres, ten experiencia de traballo con grupos de mulleres vítimas de violencia de xénero, desde os seus inicios; asemade, a entidade ten colaborado activamente nas accións da concellería, concretamente nas accións relativas á loita contra a violencia de xénero contempladas nos planos de acción municipal de igualdade, e contan con profesionais formadas en xénero e en violencia de xénero que sempre traballan coordinadas co Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller. Para o servizo municipal de Igualdade estas cualidades son garantía necesaria e suficiente para

levar adiante o programa coas debidas garantías de calidade e seguridade para as persoas acollidas.

Os aspectos antes mencionados levan a necesidade de propoñer o presente convenio de colaboración coa Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo como entidade con capacidade e garantía técnica suficiente para desenvolver o “proxecto de intervención e apoio familiar coas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para mulleres maltratadas”.

Este programa desenvolverase a través da Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, con persoal da entidade formado e especializado neste eido. Mulleres Progresistas de Vigo facilitará puntualmente as instrucións e supervisión da labor realizada pola/s traballadora/s ao seu cargo adscrita/s a este programa e o persoal de Mulleres Progresistas terá dependencia única e exclusiva con esa entidade.

O convenio a subscribir entre o Concello de Vigo e a asociación Mulleres Progresistas de Vigo queda fóra do ámbito do R.D Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, por estar excluído no seu artigo 4.1.

A Asociación Mulleres Progresistas de Vigo áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello, segundo resulta das certificacións que obran no expediente.

O orzamento total do proxecto para seis meses de duración ascende a 10.000,00 €, segundo se desprende do desglose de gastos que achega a entidade e que se incorpora ao expediente. Coa sinatura deste convenio o Concello de Vigo adquire o compromiso de financialo cunha achega de 9.250,00€ e a Asociación Mulleres Progresistas de Vigo comprométese a cofinanciar o programa coa achega de 750€, ademáis do compromiso de facilitar a incorporación a diferentes programas que leva a cabo a entidade baixo a súa iniciativa ás usuarias do programa e a súa prole, sen coste algún para o Concello de Vigo, nen para as beneficiarias.

Grazas á sinatura deste convenio coa “Asociación Mulleres Progresistas”, o Concello de Vigo asumirá uns costes económicos inferiores para a execución deste proxecto; pois no caso de levalo adiante directamente desde o Concello, sen a colaboración desta entidade, o importe do gasto sería considerablemente maior. Sirva como exemplo que os gastos dunha praza fixa de técnico de grao medio, grupo A2, supón un gasto para o Concello de 46.667,83 €/ano.

Grupo A2. Retribucións básicas: 12.906,52€/ano
Complemento destino: 8.672,58 €/ano
Complemento específico: 15.022,42 €/ano
Seguridade Social: 10.066,31
Total ano: 46.667,83 €/ano

Só valorando o gasto de persoal (sen ter en conta outros gastos como os de telefonía móbil, transporte, electricidade, etc) e aplicando unha dedicación de media xornada a este proxecto, o gasto estimado para as arcas municipais suporía aproximadamente 23.333,92 €/ano (11.888,96€ durante seis meses de vixencia) sensiblemente superior ao importe de 9.250 €/ano que estipula o proxecto de convenio que se propón aprobar.

O Concello de Vigo financiará por tanto o importe de 9.250,00 € para a execución do proxecto obxecto deste convenio, que fará efectivo distribuído do seguinte xeito: 1.000,00 € con cargo á partida “plan municipal de igualdade” 2311 2279906 do orzamento vixente da concellería de Igualdade e 8.250,00€ con con cargo á partida “plan municipal de igualdade” 2311 2279906 do

orçamento futuro do vindeiro exercicio económico da concellería de Igualdade, subordinado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do exercicio 2016.

Previa conformidade do servizo xurídico e informe de Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local:

1º. Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a “Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo” e o Concello de Vigo para a execución do proxecto de intervención e apoio familiar coas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero”.

2º. Autorizar o gasto de 9.250,00 € distribuído do seguinte xeito: 1.000,00 € con cargo á partida “plan municipal de igualdade” 2311 2279906 do orzamento vixente da concellería de Igualdade e 8.250,00€ con con cargo á partida “plan municipal de igualdade” 2311 2279906 do orzamento futuro do vindeiro exercicio económico da concellería de Igualdade, subordinado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do exercicio 2016 para facer fronte aos gastos derivados da execución do presente convenio.

4º. Aprobar o texto, que de seguido se dí:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS DE VIGO PARA A EXECUCION DO PROXECTO DE INTERVENCIÓN E APOIO FAMILIAR COAS USUARIAS DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCION PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO”

En Vigo, na casa do Concello, o día de de dous mil quince,

REUNIDAS:

Dunha parte, Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de representante do Excmo. Concello de Vigo,

Doutra D^a Fernanda García Collazo DNI núm. 36101091, como presidenta da Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, con CIF G36657336 e enderezo social na r/Policarpo Sanz, 10-2ºB, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos.

Tendo, daquela, as comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que a violencia contra as mulleres que aínda pervive na nosa sociedade, constitúe a manifestación mais extrema da desigualdade entre os xéneros. Por iso, é necesario por parte dos poderes públicos e das Administracións unha intervención firme e contundente para erradicala.

Consciente desta necesidade, o Concello de Vigo veu a desenvolver unha liña de actuación, xa consolidada nos últimos anos, na que é prioritaria a abordaxe do fenómeno da violencia desde diversos dispositivos e programas municipais.

SEGUNDO.- Que a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o esta-

blecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais responderá aos principios de atención permanente, atención urxente, especialización de prestacións e multidisciplinaria profesional.

TERCEIRO.- Que a Concellería de Igualdade conta con recursos específicos para a atención de mulleres vítimas de violencia de xénero entre os que destaca o Centro Municipal de Información dos Dereitos da muller (CMIDM) e tres vivendas de protección municipais. Estes dous servizos complementáanse e coordínanse co Centro de emerxencia municipal que xestiona o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar conveniado co Concello de Vigo.

As tres vivendas municipais de protección están ubicadas en distintas zonas da cidade e son un recurso social específico que a Concellería de igualdade destina á finalidade de acoller temporalmente a mulleres maltratadas e persoas delas dependentes que carezan de suficientes recursos económicos e persoais para afrontar a ruptura de vínculos co agresor. A estadía é temporal e, durante a súa estancia, se ofrece ás mulleres a axuda e o apoio dunha educadora familiar que contribúe a que as mulleres beneficiarias da rede consigan as ferramentas e os recursos necesarios para levar adiante unha vida independente e autónoma e un afastamento do contexto de violencia.

CUARTO.- Este programa desenvolverase a través da Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, con persoal formado e especializado contratado pola devandita entidade. Mulleres Progresistas de Vigo facilitará puntualmente as instrucións e supervisión da labor realizada pola/s traballadora/s ao seu cargo adscrita/s a este programa. O persoal contratado pola asociación Mulleres Progresistas terá dependencia única e exclusiva con esa entidade.

QUINTO.- Que como se desprende dos estatutos e da memoria de actividades presentada pola "Asociación Mulleres Progresistas de Vigo", esta é e unha entidade que cumpre os fins e os obxectivos da Concellería de Igualdade en prol da igualdade de oportunidades e máis especificamente contra a violencia que sofren as mulleres.

SEXTO.- No obxecto do convenio concorren singulares circunstancias de interese público, social e humanitario e por tal motivo ambas partes coinciden na necesidade de establecer unha cooperación que tenda a aunar os esforzos e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento deste proxecto.

SÉTIMO.- O convenio a subscribir entre o Concello de Vigo e a asociación Mulleres Progresistas de Vigo queda fóra do ámbito do R.D Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, por quedar excluído no seu artigo 4.1.

OITAVO.- A Asociación Mulleres Progresistas de Vigo áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello, segundo resulta das certificacións que obran no expediente.

En atención a estas consideracións, as organizacións abaixo asinantes, desexando estreitar lazos, unir esforzos e actuar para ofrecer unha atención integral as mulleres usuarias da rede municipal de vivendas de protección, acordan outorgar o presente convenio de colaboración conforme os seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- O presente convenio ten por obxecto regular o proxecto de intervención e apoio familiar coas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para mulleres maltratadas, segundo o estipulado no anexo I.

SEGUNDO.- A asociación Mulleres Progresistas de Vigo desenvolverá o proxecto de intervención e apoio familiar de acordo co indicado no Anexo I, correspondéndolle, entre outras, as seguintes atribucións e cometidos:

Deseñar e implementar os itinerarios específicos de integración sociolaboral de cada unha das usuarias das vivendas.

Visitar periódicamente ás usuarias e persoas delas dependentes durante o tempo que residan nas vivendas de protección.

Actualizar o libro de rexistro de cada vivenda e elaboración de informes para o adecuado seguimento da evolución das usuarias.

Informar e explicar ás usuarias e persoas delas dependentes as normas de uso e cesión das vivendas municipais de protección.

Traballar en coordinación co Centro Municipal de Información dos dereitos da Muller.

Inventariar o mobiliario e o equipamento das vivendas en cada alta e baixa que se produza.

Informar aos corpos e forzas de seguridade e ao Centro Municipal de información dos Dereitos da Muller de calquera situación de risco ou perigo detectado para as usuarias da rede de vivendas.

O persoal contratado pola Asociación de Mulleres Progresistas destinado a desenvolver este proxecto velará polo bo uso das vivendas, mobiliario e demais equipamento dos inmobles. Informará puntualmente á concellería de igualdade das baixas que se poidan producir.

A Asociación Mulleres Progresistas de Vigo cumprirá as disposicións en vigor en relación coa/s traballadora/s , en todos os seus aspectos, incluídos os de Seguridade Social, hixiene laboral, así como o pagamento dos impostos, recargos e arbitrios que se derivan das contratacións.

Este programa desenvolverase a través da Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, con persoal formado e especializado contratado pola devandita entidade. Mulleres Progresistas de Vigo facilitará puntualmente as instrucións e supervisión da labor realizada polas traballadoras ao seu cargo adscrita/s a este programa. O persoal contratado pola asociación Mulleres Progresistas terá dependencia única e exclusiva con esa entidade.

A asociación Mulleres Progresistas de Vigo velará polo cumprimento da Lei de protección de datos na execución deste proxecto, garantindo a confidencialidade e o dereito á intimidade das usuarias e persoas delas dependentes.

A Asociación Mulleres Progresistas de Vigo facilitará á Concellería de igualdade un informe trimestral sobre a execución do servizo e unha memoria anual.

TERCEIRO.- O presente convenio de colaboración estará vixente desde día 1 de novembro de 2016 ata o día 30 de abril de 2016, sen que poidan existir prórrogas, tanto expresas como tácitas do convenio.

CUARTO.- O orzamento total do proxecto para seis meses de vixencia ascende a 10.000,00 €, segundo se desprende do desglose de gastos que achega a entidade e que se incorpora ao expediente. Coa sinatura deste convenio o Concello de Vigo adquire o compromiso de financeiro cunha achega de 9.250,00€ e a Asociación Mulleres Progresistas de Vigo comprométese a cofinanciar o programa coa achega de 750€, ademais do compromiso de facilitar a incorporación a diferentes programas que leva a cabo a entidade baixo a súa iniciativa, ás usuarias do programa e a súa prole, sen coste algún para o Concello de Vigo, nen para as beneficiarias.

O Concello de Vigo financiará por tanto o importe de 9.250,00 € para a execución do proxecto e servizo obxecto deste convenio durante seis meses de vixencia, que fará efectivo distribuído do seguinte xeito: 1.000,00 € con cargo á partida “plan municipal de igualdade” 2311 2279906 do orzamento vixente da concellería de Igualdade e 8.250,00€ con cargo á partida “plan municipal de igualdade” 2311 2279906 do orzamento futuro do vindeiro exercicio económico da concellería de Igualdade, subordinado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento futuro do exercicio 2016 .

O Concello de Vigo afrontará os gastos que lle corresponden por un total de 9.250 € (nove mil douscentos cincuenta euros), e abonará o importe da achega en tres partes:

.- A primeira por importe de 1.000,00 € (mil euros) no mes de decembro de 2015, previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez que se achegue o informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.

.- A segunda por importe de 4.125,00 € (catro mil cento vintecinco euros) no mes de febreiro de 2016, previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez que se achegue o informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.

.- A terceira por importe de 4.125,00 € (catro mil cento vintecinco euros) no mes de maio de 2016, previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez que se achegue o informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.

Os abonos realizaranse contra a presentación dos documentos que acrediten a realización do gasto. Estes documentos se presentarán no Rexistro Xeral dirixidos ao servizo de igualdade. A xefa do servizo de igualdade informará sobre o cumprimento do convenio.

QUINTO.- A asociación Mulleres Progresistas de Vigo deberá xustificar os pagos coa presentación de facturas e xustificantes orixinais de gastos que poden incluír, entre outros, os seguintes gastos: consumos de teléfono, luz, material funxible, salarios, formación e desprazamento do persoal adscrito ao proxecto, adquisición e reposición de axuar e equipamento da rede de vivendas, etc.

SEXTO.- A vixianza e seguimento do convenio encoméndase a unha comisión mixta integrada pola Concelleira de Igualdade, a presidenta da asociación Mulleres Progresistas, a xefa do servizo de igualdade e a educadora familiar, ou persoas en quen deleguen. A dita comisión terá como funcións: o seguimento e no seu caso proposta do proxecto de inter-

vención, a avaliación dos resultados da execución do convenio e propostas de mellora, actividades, e a resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do convenio.

SÉTIMO.- Calquera incumprimento das estipulacións establecidas neste convenio, a entrega de documentación fraudulenta ou a desviación do obxecto do gasto para fins distintos dos estipulados, terán carácter liberatorio para o Concello respecto dos compromisos contraídos, en especial, dos de carácter económico e dará lugar á rescisión automática do presente convenio e á devolución das cantidades percibidas.

OITAVO.- A entidade Asociación Mulleres Progresistas de Vigo está informada de que os seus datos e ós da súa representante serán incorporados aos ficheiros municipais. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Rexime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo. A entidade poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

NOVENO.-

O presente convenio ten natureza administrativa, non se considera un contrato administrativo ao abeiro do establecido no R.D Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, polo que se rexerá pola súa normativa específica, aplicándose os principios da LCSP para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, polos pactos que se conteñen neste convenio, as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. No suposto de diverxencias na interpretación e execución deste, será a orde xurisdiccional contencioso-administrativo a competente para a súa resolución.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano por triplicado exemplar no lugar e data indicado.

En _____ a ____ de ____ de 2015

O ALCALDE

Abel Cabellero Álvarez

A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN
MULLERES PROGRESISTAS
D^a Fernanda García Collazo”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1233).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE “PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO EN AREAIS DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 8316/306.

Visto o informe de fiscalización do 19.10.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do servizo de Medio Ambiente, do 20.10.15, conformado pola concelleira-delegada de Medio Ambiente e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

FEITOS

I.- O contrato do servizo de salvamento e socorrismo en determinados areas do Concello de Vigo nos anos 2012 e 2013 foi adxudicado á entidade Cruz Vermella Española por acordo da Xunta de Goberno Local de data 1 de xuño de 2012 e formalizouse en documento administrativo en data do 20 de xuño de 2012, día no que se iniciou a prestación.

O prezo de adxudicación do contrato foi de 441.580,76 euros (IVA do 18% incluído) para os anos 2012 e 2013.

O prezo sen IVE para os anos 2012 e 2013 foi de 374.220,98 euros o que representa un prezo anual sen IVE de 187.110,49 € e un prezo día sen IVE de 2.011,94 euros (93 días de prestación do servizo ao ano).

A Xunta de Goberno Local en sesión do día 15 de novembro de 2013, aprobou o prezo revisado do contrato para o ano 2013 nun importe de 229.464,07 euros (IVE 21% engadido).

A Xunta de Goberno Local en sesión do día 13 de setembro de 2013, aprobou a prórroga do contrato para o ano 2014.

A Xunta de Goberno Local acordou en sesión do 7 de novembro de 2014, rectificado por outro do 28 de novembro de 2014, aprobaou o prezo revisado do contrato para o ano 2014 nun importe de 229.854,17 euros.

A Xunta de Goberno Local en sesión do día 5 de setembro de 2014, aprobou a prórroga do contrato para o ano 2015.

II.- Segundo o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexen o contrato:

a) O prazo de execución do contrato e dos anos 2012 e 2013.

b) Os prazos parciais de execución serán entre o 15 de xuño e o 15 de setembro de cada ano.

c) Prevé a posibilidade de dúas prórrogas para os anos 2014 e 2015, que se aprobarán ano a ano.

d) O apartado J) das follas de características do contrato do PCAP establece a revisión de prezos nos seguintes termos:

“Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data da formalización do contrato e recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data da revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade”.

III.- Aplicado o anteriormente exposto ao contrato que nos ocupa resultaría a seguinte revisión do prezo:

A data de formalización do contrato foi o 20 de xuño de 2012, polo que a primeira revisión do prezo realizouse a partir do 21 (incluído) de xuño de 2013, a segunda realizouse a partir de xuño de 2014 e a terceira procedería a partir de xuño de 2015.

O IPC que se tivo en conta para a última revisión do prezo no ano 2014 foi de maio de 2013 a maio de 2014, xa que os datos do IPC refírense ao último día do mes; polo que para a revisión deste ano 2015 procede ter en conta a variación do IPC dende maio de 2014 a maio de 2015 e que segundo datos do INE foi de -0,2 % (cálculo segundo páxina web do INE), sendo o 85% deste o de - 0,17%.

O prezo revisado do ano 2014 foi de 229.854,17 euros. (IVE 21% engadido)

O prezo revisado no ano 2015 resulta o seguinte:

$-0,2\% (85\% \times 229.854,17\text{€}) = -0,17\% \times 229.854,17\text{€} = -390,75\text{€}$ IPC PERIODO 15/06/2015 A 15/09/2015

$229.854,17\text{€} - 390,75\text{€} = 229.463,42$

PREZO REVISADO DO ANO 2015: 229.463,42 EUROS.

IV.- A entidade adjudicataria prestou os servizos contratados durante este ano 2015, do 15 de xuño ao 15 de setembro, a satisfacción da administración municipal abonándolle un importe total de 229.854,14 euros co pagamento de catro facturas que se tramitaron con número de expedientes 11276/306, 11345/306, 11355/306, 11382/306.

O prezo revisado para o ano 2015 é de 229.463,42 euros (IVE engadido) e o prezo abonado no presente ano foi de 229.854,14 euros, polo que procedería a devolución dun importe de 390,72 euros en concepto de axuste pola revisión de prezo do contrato correspondente ao ano 2015.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- O contrato cuxa revisión de prezos nos ocupa foi adjudicado á entidade Cruz Vermella Española por acordo da Xunta de Goberno Local de data 1 de xuño de 2012 e formalizouse en documento administrativo en data do 20 de xuño de 2012, día no que se iniciou a prestación e, por tanto, ao abeiro do réxime xurídico establecido pola redacción vixente naquela data do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (en adiante, TRLCSP).

Segundo.- O TRLCSP vixente á sazón establecía:

- Artigo 87. 3. "Os prezos fixados no contrato poderán ser revisados ou actualizados, nos termos previstos no Capítulo II deste Título (artigo 89 e ss.), se se trata de contratos das Administracións públicas, ou na forma pactada no contrato, noutro caso, cando deban ser axustados, á alza ou á baixa, para ter en conta as variacións económicas que acaezan durante a execución do contrato".

O artigo 89 e ss. do citado TRLCSP regulaban, con carácter xeral, a revisión de prezos nos contratos das Administracións públicas e determinaba nos apartados 1 e 3 deste artigo o seguinte:

1.- A revisión de prezos dos contratos das Administracións Públicas terá lugar, nos termos establecidos neste Capítulo e salvo que a improcedencia da revisión se prevera expresamente nos pregos ou pactado no contrato, cando este se executara, ó menos, no 20 por 100 do seu importe e transcorrera un ano desde a súa formación. En consecuencia, o primeiro 20 por 100 executado e o primeiro ano transcorrido desde a formalización quedarán excluídos da revisión.

3.- "o prego de cláusulas administrativas particulares ou o contrato deberán detallar, no seu caso, a fórmula ou sistema de revisión aplicable".

Terceiro.- O apartado 3.1) das follas de características do PCAP do contrato establece a revisión de prezos nos seguintes termos:

"Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data da formalización do contrato e recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie

entre a data da revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade”.

Cuarto.- A Disposición transitoria sobre o réxime de revisión dos valores monetarios da Lei estatal 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española, a cal da unha nova redacción ó artigo 89 do TRLCS sobre o réxime de revisión de prezos dos contratos, sinala no seu apartado 1 que:

“O réxime de revisión de prezos dos contratos incluídos dentro do ámbito de aplicación do TRLCSP, aprobado polo Rdl 3/2011, de 14 de novembro, cuxo expediente de contratación fora iniciado antes da entrada en vigor do real decreto ó que se refire o artigo 4 desta Lei será o que estea establecido nos pregos. (...)”

Quinto.- A recomendación de data 19/05/2015, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sobre a aplicación do novo réxime xurídico de revisión de prezos creado como consecuencia da Disposición Adicional 88ª da Lei 22/2013, de 23 de decembro, de presupostos xerais do estado para o ano 2014 e a Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española, sinala no apartado I da parte dispositiva de dita recomendación o seguinte:

“I. Respecto ós contratos sometidos ó Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado mediante Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro:

a) No caso de que se trate de contratos que se iniciaran antes da entrada en vigor da Disposición Adicional 88ª da LPGE PARA 2014, entendendo a estes efectos que os expedientes de contratación foron iniciados se se houbera publicado a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato ou a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, se o procedemento de adxudicación foran negociados sen publicidade, seralles de aplicable o artigo 89 do TRLCSP, na redacción data polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou, no seu caso, a normativa de contratación pública anterior que resulte de aplicación en función do momento en que fora iniciado o expediente, mentras que ós contratados da entidades públicas non Administración pública, seralles de aplicación a normativa contida dentro do artigo 87.3 deste mesmo texto legal.

(...)”

Sexto.- Por tanto, desde o punto de vista xurídico, pode concluírse que procede a revisión do prezo do contrato que nos ocupa nos termos establecido no PCAP que rexe o contrato conforme ó artigo 89 do TRLCS segundo a redacción dada polo Rdl 3/2011, de 14 de novembro, que é a aplicada no presente caso.

Sétimo.- O órgano competente para aprobar a revisión do prezo do contrato é a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación do Concello de Vigo ao abeiro do establecido na Disposición adicional segunda, apartado 3, do Rdl 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, trato informe favorable da Intervención xeral, a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o prezo revisado do contrato de salvamento e socorrismo en determinados areas do Concello de Vigo, adxudicado á entidade Cruz Vermella Española por acordo da Xunta de Goberno Local de data 1 de xuño de 2012 e formalizado en documento administrativo en data

do 20 de xuño de 2012, para este ano 2015 nun importe de euros 229.463,42 euros (IVE do 21% engadido), de conformidade co establecido na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO.- Requerir a Cruz Roja Española, CIF Q2866001G, a devolución de 390,72 euros (IVE 21% engadido) en concepto de axustes derivados da revisión de prezo do contrato correspondente ao ano 2015, que deberá ingresar na conta do Concello de Vigo núm. IBAN ES48 2080 5000 6331 1007 0132, no prazo de máximo de quince días, remitindo o correspondente xustificante de ingreso ó Servizo de Medio Ambiente deste Concello.

TERCEIRO.- Notificar este acordo á entidade interesada informándolle que conforme ós artigos 116.1, 117.2 e 43.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción contencioso-administrativa, contra o dito acordo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición, perante o mesmo órgano que o dictou, no prazo dun mes a contar desde o seguinte ó da súa notificación ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa.

No caso de interpoñer o recurso potestativo de reposición, deberá ser resolto e notificado no prazo dun mes, entendéndose desestimado polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, podendo daquela os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de seis meses contados desde o día seguinte a aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso potestativo de reposición interposto.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1234).- EXECUCIÓN DAS PREVISIÓNS DO REAL DECRETO LEI 10/2015, DO 11 DE SETEMBRO, EN CANTO Á DEVOLUCIÓN AO PERSOAL MUNICIPAL DE PARTE DEVENGADA DA PAGA EXTRAORDINARIA CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2012. EXPTE. 27096/220.

Visto o informe de fiscalización do 21.10.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 15.10.15, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.-En data 28/09/2015, a Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal ordenou a incoación de expediente administrativo tendente a someter á Xunta de Goberno Local unha proposta de abono da parte devengada da paga extraordinaria de decembro do 2012, nos termos do marco legal vixente, correspondente co 26,23% dos importes deixados de percibir da indicada paga, segundo o contemplado no Real Decreto-Lei 10/2015, do 11 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado e se adoptan outras medidas en materia de emprego público e de estímulo á economía (BOE nº 219, do sábado 12 de setembro do 2015); indicando a máxima prioridade da tramitación indicada, aos efectos da súa inclusión na nómina correspondente ao mes de novembro do 2015, sempre que resultase legal e técnicamente posible.

2.- En data 28/09/2015, a Xefatura do Servizo de Recursos Humanos solicita a emisión de informe técnico en relación co importe total aproximado da contía necesaria para afrontar o aboamento de cantidades correspondentes ao 26,23% dos importes deixados de percibir da paga extraordinaria do mes de decembro do 2012, nos termos do disposto no Real Decreto-Lei 10/2015, do 11 de setembro (BOE nº 219, do sábado 12 de setembro de 2015) no contexto da Resolución conxunta de 18/09/2015 (BOE nº 229, do xoves 24 de setembro do 2015), así como coas aplicacións orzamentarias adecuadas para a imputación do gasto no concepto indicado.

3.- En data 05/10/2015 emítase informe técnico, no cal literalmente se indica que:

“En relación co informe técnico solicitado referente ao expediente 27096-220,

Informase:

O importe total aproximado da contía necesaria para afrontar o aboamento de cantidades correspondentes ao 26,23% dos importes deixados de percibir da paga extraordinaria do mes de decembro do 2012, nos termos do disposto no Real Decreto-Lei 10/2015, do 11 de setembro no contexto da Resolución conxunta de 18/09/2015 ascendería a cantidade APROX. de 646.812,67€, cálculo baseado no efectivamente aboado ata a data, segundo o previsto na Disposición Adicional décima segunda da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2015 incrementado no porcentaxe correspondente ata acadar o 26.32% sinalado.

A dito importe deberá engadirse o correspondente aos custos de Seguridade Social, cantidade que se estima ao redor de 215.000,00 €

En canto as aplicacións orzamentarias adecuadas para a imputación do gasto e seguindo os mesmos criterios utilizados no aboamento realizado en cumprimento da Lei 36/2014, do 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, estas serían as correspondentes as distintas clasificacións funcionais das económicas 120, 121 (subconcepto 121.01), 130, 131 e 140.”

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se proba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O Real Decreto-Lei 10/2015, do 11 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado e se adoptan outras medidas en materia de emprego público e de estímulo á economía (BOE nº 219, do sábado 12 de setembro do 2015) contempla no seu artigo 1, apartado Un, o seguinte:

“Recuperación de la paga extraordinaria y adicional del mes de diciembre de 2012 del personal del sector público.

1. Las distintas Administraciones públicas, así como sus entes dependientes y vinculados, abonarán dentro del ejercicio 2015, y por una sola vez, una retribución de carácter extraordinario cuyo importe será el equivalente a 48 días o al 26,23 por ciento de los importes dejados de percibir como consecuencia de la supresión de la paga extraordinaria, así como de la paga adicional de complemento específico o pagas adicionales equivalentes, correspondientes al mes de diciembre de 2012, por aplicación del [Real Decreto-ley 20/2012, de 13 de julio](#), de medidas para

garantizar la estabilidad presupuestaria y de fomento de la competitividad, con el alcance y límites establecidos en el presente artículo.

2. Las cantidades que podrán abonarse por este concepto, sobre el importe dejado de percibir por cada empleado en aplicación del [artículo 2 del Real Decreto-ley 20/2012, de 13 de julio](#), serán las equivalentes a la parte proporcional correspondiente a 48 días de la paga extraordinaria, paga adicional de complemento específico y pagas adicionales del mes de diciembre. En aquellos casos en los que no hubiera procedido el reconocimiento de la totalidad de la paga extraordinaria y adicional de diciembre de 2012, los 48 días se reducirán proporcionalmente al cómputo de días que hubiera correspondido.

A los efectos previstos en el párrafo anterior, el cómputo de la parte de la paga extraordinaria y pagas adicionales que corresponde a 48 días, o cifra inferior, se realizará, en el caso del personal funcionario o estatutario, conforme a las normas de función pública aplicables en cada Administración, o, en el caso del personal laboral, a las normas laborales y convencionales, vigentes en el momento en que se dejaron de percibir dichas pagas.

Las cantidades que se reconozcan por este concepto al personal a que se refiere el apartado 5 del [artículo 2 del Real Decreto-ley 20/2012, de 13 de julio](#), por no contemplarse en su régimen retributivo la percepción de pagas extraordinarias o por percibir más de dos al año, serán las equivalentes a un 26,23 por ciento del importe dejado de percibir por aplicación del mencionado precepto.

Las cantidades a abonar se minorarán en las cuantías que se hubieran satisfecho por estos mismos conceptos y periodos de tiempo como consecuencia de sentencia judicial u otras actuaciones.

3. Cada Administración pública abonará, las cantidades previstas en este artículo dentro del ejercicio 2015, si así lo acuerda y si su situación económico financiera lo hiciera posible. De no permitirlo su situación económico financiera en 2015, el abono podrá hacerse en el primer ejercicio presupuestario en que dicha situación lo permita.

En el supuesto de que en aplicación de este precepto fuera más de una Administración a la que le correspondiera efectuar el abono de este tramo de paga extraordinaria, paga adicional de complemento específico y pagas adicionales del mes de diciembre de 2012, cada Administración podrá abonar, como máximo, la parte proporcional de este tramo que le hubiera correspondido hacer efectiva en diciembre de 2012.

4. Las cuantías satisfechas por aplicación de lo establecido en este artículo minorarán el alcance de las previsiones contenidas en el apartado 4 del [artículo 2 del Real Decreto-ley 20/2012 de 13 de julio](#).”

No seu apartado Dous, o mesmo precepto contempla o procedemento de aplicación no ámbito do sector público estatal a tal efecto, indicando que:

“Recuperación de la paga extraordinaria y adicional del mes de diciembre de 2012 del personal del sector público estatal.

1. El personal del sector público estatal definido en las letras a), d) y e) del apartado Uno del [artículo 22 de la Ley 2/2012, de 29 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2012](#), así como el personal de las sociedades, entidades y resto de organismos de los apartados

f) y g) de dicho precepto que pertenezcan al sector público estatal, percibirá las cantidades previstas en el apartado Uno.2 de este artículo.

2. La recuperación de la paga extraordinaria y pagas adicionales a que se refiere el número anterior se efectuará con arreglo a las siguientes reglas:

- a) El personal incluido en los puntos 1 y 2 del [artículo 3 del Real Decreto-ley 20/2012 de 13 de julio](#) percibirá la parte proporcional correspondiente a 48 días de la paga extraordinaria y pagas adicionales o equivalentes del mes de diciembre de 2012 que fueron suprimidas. En aquellos casos en los que no hubiera procedido el reconocimiento de la totalidad de la paga extraordinaria y pagas adicionales o equivalentes del mes de diciembre de 2012 que fueron suprimidas, los 48 días se reducirán proporcionalmente al cómputo de días que hubiera correspondido.

A los efectos previstos en el párrafo anterior, para el cálculo de las cantidades correspondientes a los 48 días, en relación con el número de días totales que comprenden la paga extraordinaria y pagas adicionales o equivalentes del mes de diciembre de 2012 que fueron suprimidas, se utilizarán las reglas de cómputo aplicables a cada tipo de personal de acuerdo con su régimen jurídico en vigor en el momento en que se produjo la supresión.

Siempre que la normativa aplicable no disponga otra cosa, el número de días totales a que se hace referencia en el párrafo anterior será de 183.

- b) Sin perjuicio de lo dispuesto en el [artículo 519 de la Ley Orgánica 6/1985, de 1 de julio, del Poder Judicial](#), el personal incluido en los puntos 3, 3 bis, 3 ter y 4 del [artículo 3 del Real Decreto-ley 20/2012, de 13 de julio](#), percibirá un 26,23 por ciento de los importes dejados de percibir por aplicación de dichos preceptos.
- c) Lo previsto en la letra a) será de aplicación a los Secretarios de Estado, Subsecretarios, Directores Generales y asimilados, así como a los Consejeros Permanentes y Secretario General del Consejo de Estado, en los mismos términos que al personal funcionario.

Al personal a que se refiere el [artículo 24.Tres de la Ley 2/2012 de 29 de junio](#) se le aplicará igualmente lo previsto en la letra a). En caso de no haber tenido derecho a la percepción de paga extraordinaria, percibirán un 26,23 por ciento del importe dejado de percibir por aplicación del [artículo 4 del Real Decreto-ley 20/2012](#).

- d) Los Altos Cargos incluidos en los puntos 1 y 3 del [artículo 4 del Real Decreto-ley 20/2012](#) percibirán un 26,23 por ciento del importe dejado de percibir por aplicación del [artículo 4 del Real Decreto-ley 20/2012](#).
- e) Al personal que, sin haber variado la naturaleza jurídica de su relación de servicios con la Administración del Estado, hubiera cambiado de destino dentro de la misma, las cantidades a que se refiere el presente apartado le serán abonadas por el ministerio, organismo o entidad en la que se encuentre prestando servicios en la fecha de entrada en vigor de la presente norma, previa petición dirigida al órgano de gestión de personal acompañada de certificación de la habilitación de origen de los conceptos e importes efectivamente dejados de percibir como consecuencia de la supresión de la paga extraordinaria, así como de la paga adicional de complemento específico o pagas adicionales equivalentes, correspondientes al mes de diciembre de 2012. En el supuesto de que dicha certificación ya hubiese sido presentada anteriormente, no será necesario presentar nuevamente la misma.

Al personal que hubiera pasado a prestar servicios en una Administración Pública distinta, las cantidades a que se refiere el presente apartado le serán abonadas por el ministerio, organismo o entidad al que hubiera correspondido abonar la paga extraordinaria, previa petición dirigida al órgano de gestión de personal.

Al personal que no se encontrara en situación de servicio activo o asimilada en la fecha de entrada en vigor de esta norma o que hubiera perdido la condición de empleado público, las cantidades a que se refiere la presente disposición le serán abonadas por el ministerio, organismo o entidad al que hubiera correspondido abonar la paga extraordinaria, previa petición dirigida al órgano de gestión de personal, acompañada de certificación de la habilitación de origen de los importes efectivamente dejados de percibir como consecuencia de la supresión de la paga extraordinaria así como de la paga adicional de complemento específico o pagas adicionales equivalentes correspondientes al mes de diciembre de 2012.

En caso de que el personal de que se trate hubiera fallecido a la entrada en vigor de la presente disposición, la petición a que se refiere el párrafo anterior deberá formularse por sus herederos conforme a Derecho civil.

- f) Lo previsto en los apartados anteriores será de aplicación, asimismo, al personal de las fundaciones del sector público estatal, de los consorcios participados mayoritariamente por la Administración General del Estado o por los organismos o entidades dependientes de la misma, así como al del Banco de España y al personal directivo y resto de personal de las mutuas de accidentes de trabajo y enfermedades profesionales de la Seguridad Social y de sus entidades y centros mancomunados.”*

Cómpre indicar que, consonte ao apartado Catro do mesmo artigo, os apartados Un e Tres teñen carácter básico e foron dictados ao abeiro dos [artigos 149.1.18.^a](#), [149.1.13.^a](#) e [156.1 da Constitución](#).

II.- Dita previsión legal foi desenvolta por Resolución de 18 de setembro do 2015, conxunta das Secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Administracións Públicas, pola que se dictan instrucións para a aplicación efectiva, no ámbito do sector público estatal, das previsións do artigo 1 do R.D.-lei 10/2015, do 11 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado e se adoptan outras medidas en materia de emprego público e de estímulo á economía (BOE nº 229, do xoves 24 de setembro do 2015) e que contempla o procedemento concreto de materialización do aboamento por parte das Administracións Públicas.

III.- Aos efectos da adopción do correspondente acordo polo órgano municipal competente, debe indicarse o seguinte<.

- O importe total aproximado da contía necesaria para afrontar o aboamento de cantidades correspondentes ao 26,23% dos importes deixados de percibir da paga extraordinaria do mes de decembro do 2012, nos termos do disposto no Real Decreto-Lei 10/2015, do 11 de setembro no contexto da Resolución conxunta de 18/09/2015, ascende a un total aproximado de 646.812,67€. O dito cálculo baséase no efectivamente aboado ata a data, segundo o previsto na Disposición Adicional décima segunda da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, incrementado no porcentaxe correspondente ata acadar o 26.32% sinalado no Real Decreto-Lei 10/2015, de 11 de setembro.*

- Os custes en concepto de Seguridade Social derivados do aboamento de dita porcentaxe ascenden a un total estimado ao redor de 215.000,00 €.
- Polo que respecta ás aplicacións orzamentarias adecuadas para a imputación do gasto e seguindo os mesmos criterios utilizados no aboamento realizado en cumprimento da Lei 36/2014, do 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, serían as correspondentes as distintas clasificacións funcionais das económicas 120, 121 (subconcepto 121.01), 130, 131 e 140, segundo o informe técnico de data 05/10/2015.
- O cálculo debe efectuarse tendo en conta á totalidade dos efectivos con dereito á percepción da mesma naquela data (decembro do ano 2012) incluíndo aos efectivos xubilados e a aqueles titulares de dereitos correspondentes a efectivos falecidos, na súa condición de herdeiros, previa solicitude ao efecto que se presente no Rexistro Xeral do Concello.
- A adopción de acordo de aboamento por parte do órgano municipal competente (Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril) conleva a execución daquelas sentenzas xudiciais firmes con fallo condenatorio ao Concello de Vigo ao aboamento dos devengos retributivos xenerados no concepto indicado, a salvo dos incidentes de execución que podan presentar as partes litigantes en exercicio dos seus lexítimos dereitos segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, e Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da xurisdicción social.
- A acreditación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, así como o respecto á regra de gasto, deberá en todo caso ser acreditado pola Intervención Xeral Municipal no preceptivo informe de fiscalización que se emita ao presente expediente.

Por tanto, e en atención ao exposto, non se observan impedimentos legais no presente expediente para a súa aprobación. En consecuencia, e en cumprimento da legalidade vixente, por parte deste Servizo infórmase favorablemente o aboamento do concepto retributivo indicado.

IV.- De conformidade co réxime de atribucións contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, e concretamente coa atribución para a aprobación das retribucións do persoal municipal e para a xestión económica do mesmo, recollida no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Acordar, ao abeiro do establecido no Real Decreto-Lei 10/2015, do 11 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado e se adoptan outras medidas en materia de emprego público e de estímulo á economía (BOE nº 219, do sábado 12 de setembro do 2015) o aboamento da segunda parte devengada da paga extraordinaria correspondente ao mes de decembro do 2012, nos termos do marco legal vixente, que se concreta, segundo o disposto no artigo 1, apartado Un da dita norma, no importe equivalente a 48 días ou ao 26,23 por cento dos importes deixados de percibir como consecuencia da supresión da paga extraordinaria, así como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes, correspondentes ao mes de decembro de 2012, mediante o procedemento contemplado na Resolución de 18 de setembro do 2015, conxunta das Secretarías de

Estado de Orzamentos e Gastos e de Administracións Públicas, pola que se dictan instrucións para a aplicación efectiva, no ámbito do sector público estatal, das previsións do artigo 1 do R.D.-lei 10/2015, do 11 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado e se adoptan outras medidas en materia de emprego público e de estímulo á economía (BOE nº 229, do xoves 24 de setembro do 2015), de conformidade co establecido no informe técnico de 05/10/2015 e informe-proposta que anteceden, e nos termos e condicións, contido e alcance do establecido no informe de fiscalización que se emita no marco da tramitación administrativa do presente expediente, ascendendo o importe total aproximado a 646.812,67€, xunto cos custes de Seguridade Social indicados no informe técnico.

Segundo.- Dispoñer que a adopción do presente acordo de aboamento conleva inexcusablemente a execución daquelas sentenzas xudiciais firmes con fallo condenatorio ao Concello de Vigo ao aboamento dos devengos retributivos xenerados no concepto indicado, a salvo dos incidentes de execución que podan presentar as partes litigantes en exercicio dos seus lexítimos dereitos, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, e Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da xurisdicción social.

Terceiro.- Acordar que dito aboamento efectuarase en favor dos empregados/as públicos municipais en activo no Concello de Vigo, así como en favor daquelas persoas titulares de dereitos á percepción dos devengos retributivos en tal concepto (persoal xubilado que así o solicitase; titulares de dereitos de sucesión hereditaria que así o acrediten e o soliciten; persoas que tivesen a condición de empregados/as públicos do Concello de Vigo na data na cal debería terse percibido a paga e que así o soliciten) conforme establecen o informe da Intervención Xeral Municipal de data 23/03/2015 e a normativa de concordante aplicación, considerándose, a tal efecto, as solicitudes existentes presentadas por escrito no rexistro xeral do Concello de Vigo na data de adopción do presente acordo.

Cuarto.- Instar ás Presidencias dos organismos autónomos municipais á realización da tramitación administrativa necesaria para o cumprimento efectivo do previsto no Real Decreto-Lei 10/2015, do 11 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado e se adoptan outras medidas en materia de emprego público e de estímulo á economía (BOE nº 219, do sábado 12 de setembro do 2015).

Quinto.- O presente acordo notifíquese á Intervención Xeral Municipal, Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, xefatura do Negociado de Seguridade Social do Servizo de Recursos Humanos e Comité de Persoal, para coñecemento e efectos.

Sexto.- Dispoñer a inserción e difusión do presente acordo na Intranet municipal para público coñecemento do persoal municipal”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1235).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO 2015. EXPTE.27163/220.

Visto o informe de fiscalización do 15.10.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 13.10.15, conformado pola xefa do Servizo e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Distintos servizos e unidades municipais remitiron ao servizo de Recursos Humanos relación dos domingos, festivos e nocturnidade correspondentes ao mes de Setembro-2015 (Inclúe horas do mes de Maio), todas elas co visto e prace dos Concelleiros-Delegados de cada servizo.

As instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e vixente na actualidade no seu apartado cuarto, letra a), establece que aboaranse ós traballos realizados en horas nocturnas, entre as 22'00 e 7'00 horas, cun recargo por hora traballada de 2'72 €/hora, no seu apartado letra b), establece que aboaranse os traballos realizados en sábados, domingos ou festivos, cun recargo por hora de 4,02 €.

A distribución por servizos dos gastos orixinados polos conceptos de festividade e nocturnidade é :

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	IMPORTE	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Setembro	115,00	462,30 €	10,00	27,20 €	489,50
Policía Local	Setembro	7758,33	31.188,49 €	8906,83	24.226,58 €	55.415,06
Cemiterios	Setembro	478,5	1.923,57 €	0,00	0,00 €	1.923,57
Extinción de Incendios	Setembro	1834,00	7.372,68 €	619,00	1.683,68 €	9.056,36
Parque Móbil	Setembro	33,00	132,66 €	78,00	212,16 €	344,82
Turismo	Setembro	112,00	450,24 €	0,00	0,00 €	450,24
Parque Central	Setembro	192,00	771,84 €	270,00	734,40 €	1.506,24
Limpeza	Setembro	0,00	0,00 €	22,00	59,84 €	59,84
MUSEO	Agosto	27,50	110,55 €	4,50	12,24 €	122,79
Educación	Maio	589,14	2.368,34 €	30,94	84,16 €	2.452,50
TOTAL		11.139,47	44.780,67	9.941,27	27.040,25	71.820,92

As relacións de persoal propostas para o aboamento en concepto de gratificacións por nocturnidade e/ou festividade contidas no expediente pertencen aos servizos de Alcaldía, Policía Local, Cemiterios, Extinción de Incendios, Parque Móbil, Turismo, Parque Central, Limpeza, Museo e Educación.

Nos informes que forman parte do expediente, asinados polas xefaturas e concellerías de área correspondentes figuran Servizo, Número de persoal, Nome do empregado, data e franxa horaria que dan lugar ao aboamento en concepto de gratificación dos recargos de festividade e nocturnidade, total de horas nas que cada empregado municipal desempeñou as súas funcións en xornada festiva ou horario nocturno e total a retribuir, segundo as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos.

De todos os xeitos e dadas as dificultades de comprensión das relacións de persoal, manifestadas pola Intervención Xeral, aclárase:

No caso dos choferes de Alcadía, amais da relación de datas e franxa horaria, é evidente que dito recargo se corresponde co desempeño das funcións propias e habituais do posto Conductor de Alcadía.

Propónse o aboamento de gratificación por festividade ao persoal relacionado do servizo de cemiterios xa que, os cemiterios municipais atópanse abertos sábados, domingos e festivos, e deben dispor da presenza do persoal municipal.

Extinción de Incendios.- Os recargos por festividade e nocturnidade propostos corresponde ao exceso de xornada realizado polo persoal relacionado, derivadas de diversas actuacións e intervencións en distintos siniestros así como horas de asistencia ao xulgado, fora da xornada habitual de traballo, segundo fai constar o subxefe do servizo no seu informe, conformado polo Concelleiro da área, de data 05/10/2015.

Parque Móbil.- en informes de data 06/10/2015, o xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais, conformado pola xefatura da Área e o Concelleiro delegado, informe sobre horario de execución das mesmas que orixinan o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.

Turismo.- tal e como se recolle no informe da Xefa de Turismo, co conforme do Concelleiro delegado da Área, no que se informa do horario de funcionamento do Centro de Recepción de Visitantes adscrito a dito servizo, con horario ininterrompido de luns a domingos entre as 10,00 e as 17,00 h, polo que corresponde o aboamento ao persoal proposto, do recargo en concepto de festividade.

Parque Central.- en informes de data 06/10/2015, o xefe da Área de Servizos Xerais remite, conformado pola xefatura da Área e o Concelleiro delegado, detalle sobre horario de execución das mesmas que orixinan o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.

Servizo de Limpeza.- en informe de data 07/10/2015, o xefe do servizo de Limpeza, co conforme do concelleiro-delegado, detalla sobre horario de execución das mesmas e o motivo que orixinaron o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.

Museo.- en informe do director do Museo de data 22/09/2015, conformado polo xefe de Museos e concelleiro-delegado de Cultura, achégase relación do persoal que realizou ditas horas, así como horario e lugar onde se realiza o servizo.

Educación.- informe de horas realizadas polo persoal de educación con motivo das eleccións de 24/05/2015, con detalle das horas realizadas.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada pola lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo

2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

“Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	TOTAL FESTIVAS	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Setembro	De Vázquez Martínez, Manuel A. A Fontan Balbuena, Camilo	462,30 €	27,20 €	489,50 €
Policía Local	Setembro	De Abalde Casanova, Jesús Ivan a Vivero Mijares, Juan Guillermo	31.188,49 €	24.226,58 €	55.415,06 €
Cemiterios	Setembro	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	1.923,57 €	0,00 €	1.923,57 €
Extinción de Incendios	Setembro	De Aguirre Rodríguez Manuel a Villar Domínguez, Manuel	7.372,68 €	1.683,68 €	9.056,36 €
Parque Móbil	Setembro	De Alonso González, Ángel a Riveiro Rodríguez, José	132,66 €	212,16 €	344,82 €
Turismo	Setembro	De Barreiro Fidalgo, Natalia a García Oliveira, Mª José	450,24 €	0,00 €	450,24 €
Parque Central	Setembro	De Arias Rodríguez, Dámaso a Rodríguez Leiros, Alfonso	771,84 €	734,40 €	1.506,24 €
Limpeza	Setembro	De Rodríguez Casal, José Angel	0,00 €	59,84 €	59,84 €
Museo	Agosto	De Ogando López, José Manuel a Román Breijo, Manuel	110,55 €	12,24 €	122,79 €
Educación	Maio	De Alonso Iglesias, José Enrique a Vallejo Ricon, Manuel	2.368,34 €	84,16 €	2.452,50 €
TOTAL			44.780,67	27.040,25	71.820,92 €

Os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de **71.820,92 €**, con cargo a partida presupostaria 920.0.151.00.00-GRATIFICACIÓN.S.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1236).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE Á BRIGADA DE PAVIMENTACIÓN DE VÍAS E OBRAS, CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO 2015. EXPTE. 27172/220.

Visto o informe de fiscalización do 21.10.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 15.10.15, conformado pola xefa do Servizo e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Recíbese no servizo de Recursos Humanos, asinado polo Xefe do servizo de Vías e Obras e o visto e prace do concelleiro-delegado da Área, relación de persoal do servizo de Vías e obras, adscrito as brigadas de pavimentación que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por toxicidade correspondente ao mes de Setembro-2015. Dita relación inclúe nome, nº de persoal e data nas que os empregados municipais relacionados realizaron as súas funcións en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos.

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado e), que “aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día). Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquera outro Servizo no que

se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto”.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16/05/2014, rectificado na sesión de 6/06/2014 acordou a autorización de aboamento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de vías e obras e parque móbil. (expte. 23537/220 3 23593/220), no que se recoñece a especial penosidade dos postos de traballo adscritos ao servizo de Vías e obras e Parque Móbil, con funcións de execución de firmes e pavimento e se autoriza o aboamento , en concepto de toxicidade. Dito complemento de produtividade por toxicidade baséase nos informes do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, sobre a especial penosidade e perigosidade do posto de Oficial pavimentador, de data 27 de xullo 2012 no que se informa das circunstancias en canto a contaminantes químicos, contaminantes físicos, contaminantes biolóxicos, e estrés térmico nas que dito posto desenvolve as súas funcións, concluíndo que a adopción das medidas preventivas sinaladas no informe destinadas a controlar os posibles riscos supoñen un nivel de risco aceptable. Posteriormente, en data 11 de xullo de 2013, o servizo de prevención de riscos laborais informa sobre a especial penosidade dos postos de traballo adscritos aos servizos de vías e obras e parque móbil que realizan traballos de bacheo e pavimentado, e que inclúe non so aos postos de oficial pavimentador senon que debe entenderse extensiva a tódolos postos: oficial pavimentador, axudantes de oficios, peóns e oficiais condutores. Así mesmo, no informe da Intervención Xeral de data 07/05/2014 citase o art 34 do Convenio Colectivo Provincial de Construción e Obras Pública no que se recoñece a especial penosidade, toxicidade e peligrosidade dos traballos dos embreadores, asfaltadores e alquitradores.

En canto a posibilidade contemplada no informe da Intervención Xeral citado anteriormente, de considerar estas percepcións como fixas dentro dos complementos retributivos permanentes destes postos de traballo, considerase mais axeitado nestes intres considerarlos como incentivos de carácter variable, aboándose única e exclusivamente ao persoal que esta en contacto cos produtos que se consideren contaminantes químicos, físicos ou biolóxicos, e única e exclusivamente nas xornadas de traballo nos que se dé esta circunstancia, xa que o aboamento da produtividade efectuaranse en función dos días realmente traballados realizando funcións de execución de firmes e pavimento, en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos. Exclúense polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicado no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites

temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

Esta retribución, de carácter variable con cargo a aplicación orzamentaria 920.01500000, ten o seu orixe no recoñecemento pola Xunta de Goberno Local, no acordo de data 16/05/2014 xa que o aboamento da produtividade efectuarase en función dos días realmente traballados realizando funcións de execución de firmes e pavimento, en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos. Exclúense polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

No presente expediente relaciónase o persoal do servizo de Vías e Obras que forma parte das brigadas de pavimentación e que realiza funcións relacionadas coa execución de firmes e pavimentos.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as "INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO

2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCCIÓN EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓN. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais .

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade a brigada de pavimentación de Vías e Obra que se relaciona no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos polas xefaturas dos servizos obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado e) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.150.00.00- “Productividade”, por importe de 334,80 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

ANEXO

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importes
17390	Alonso Cue, Miguel Angel	27,90 €
81662	Barros González, Delio	89,28 €
17362	Bastos Román, Jesús	72,54 €
76566	López Rivera, Juan Ramón	72,54 €
17408	Rodríguez Rocha, Rodrigo	83,70 €
TOTAIS		334,80 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1237).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA TÉCNICO/A SUPERIOR DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DERIVADA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA. EXPTE. 27017/220.

Visto o informe de fiscalización do 27.10.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 21.10.15, conformado pola xefa do Servizo e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

En data 14/08/2015, o Servizo de Normalización Lingüística remite a este Servizo de RR.HH expediente 1972-334 no que solicita que por parte deste Servizo se inicien os tramites para dotar ao S.N.L. dun/a técnico/a medio de Normalización Lingüística, a media xornada e polo importe máximo da subvención outorgada ao Concello de Vigo segundo Resolución da Secretaría Xeral de Política Lingüística de data 23/07/2015 (DOG nº 144 de 31/07/2015).

En data 07/08/2015, por parte da Intervención Xeral realízase a correspondente xeración de crédito na partida 334.1.131.00.00 "Persoal Laboral Temporal Dinamización Lingüística" polo referido importe e que ascende a cantidade de 4.149,00€.

O Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal a través de instrucción de servizo de data 01 de setembro pasado, prestou conformidade a referida proposta de contratación, autorizando o inicio do expediente administrativo para a contratación laboral temporal prevista nos artigos 8.2 e 15.1 do Estatuto dos Traballadores e artº 3 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro e, a súa posterior adscripción ao Servizo de Normalización Lingüística.

Formulada proposta polo técnico que subscribe de contratación laboral-temporal, contida no expediente 27001/220, considerouse mais axeitado proceder recurrir a figura do nomeamento interino por acumulación de tarefas, regulado no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, polo que dito expediente foi arquivado, iniciándose un novo expediente de nomeamento interino por acumulación de tarefas, autorizado polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal (Decreto de Alcaldía e Acordo da XGL de 19/06/2015), a través de instrucción de servizo de data 10 de setembro de 2015 e, a súa posterior adscripción ao Servizo de Normalización Lingüística.

Formulada nova proposta en data 15/09/2015 e remitida a Intervención Xeral para a súa fiscalización, toda vez que o gasto proposto non se adecuaba a partida orzamentaria de imputación, procedeuse pola Intervención Xeral a súa remisión ao servizo xestor, para a regularización da mesma, indicándose como posible solución a “rectificación da modificación de crédito xerada en orixe, trasladando a subvención concedida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, a unha aplicación orzamentaria de nova creación dentro do servizo de Normalización Lingüística adecuada ao gasto proposto, sempre que a intención administrativa sexa cubrir a demanda laboral mediante nomeamento de funcionario interino por acumulación de tarefas, e non contravenga as directrices específicas que regulan a subvención autonómica concedida a esta Entidade Local”.

Con data 02/10/2015, polo Servizo de Normalización Lingüística, solicitouse a Intervención Xeral a creación da partida 334.1.140.00.00 “Nomeamento funcionariado interino” e a conseguinte transferencia do total do crédito da partida 334.1.131.00.00 “persoal laboral-temporal Dinamización Lingüística” a partida de nova creación antes referenciada, por un total de 4.149,00€,., solicitude que foi conformada polo concelleiro-delegado de Facenda en data 06/10/2015.

Pola Intervención Xeral, en data 15/10/2015 informouse favorablemente o traspaso dos referidos créditos, polo que o Alcalde-Presidente, en Resolución de data 15/10/2015 aprobou a modificación de créditos núm. 81/15, por un importe de 4.149,00€. que figura anexa ao expediente.

En data 27/09/2013 (Expte 24444-220) a Xunta de Goberno Local aprobou as Bases de selección para a contratación laboral temporal dun/dunha técnica/o de normalización lingüística. Celebrado o correspondente proceso selectivo unicamente superou a totalidade das probas previstas nas Bases da convocatoria D^a. Laura Iglesias Rodríguez, DNI 36.157.519-R.

Requirida a referida aspirante D^a.Laura Iglesias Rodríguez, DNI 36.157.519-R, esta acreditou neste Servizo de Recursos Humanos o requisito de titulación e demais condicións para o desempeño do posto. Consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que a aspirante proposta D^a. LAURA IGLESIAS RODRÍGUEZ, DNI 36.157.519-R, prestou servizos neste Concello durante os seguintes períodos e modalidades de contratación:

- Do 06/11/2006 ao 24/04/2009, como funcionaria interina (cód. 418), por substitución da titular da praza, que se atopaba en situación de servizos especiais.
- Do 26/11/2009 ao 25/05/2010, como funcionaria interina por acumulación de tarefas (cód. 408).
- Do 06/05/2001 ao 05/11/2011, como funcionaria interina por acumulación de tarefas (cód. 408).
- Do 03/09/2012 ao 02/01/2013, como contratada laboral-temporal a tempo parcial (cód. 508).
- Do 06/03/2013 ao 05/05/2013, como funcionaria interina por acumulación de tarefas (cód. 408).
- Do 03/11/2014 ao 02/01/2015, como contratada laboral-temporal a tempo parcial (cód. 508).

En consecuencia e en base ao anterior, a aspirante proposta está en condicións de ser novamente nomeada interinamente por acumulación de tarefas.

A urxencia do mesmo queda acreditada polos prazos na presentación dos correspondentes xustificantes da aplicación da subvención concedida.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

"Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoa da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP." Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

"Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas".

Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder á contratación proposta, xa que a citada candidata superou os exercicios do correspondente proceso selectivo segundo as Bases de selección aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 27/08/2013 (Expte 24444-220).

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:

En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

"O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) *Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.*

b) *Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.*

c) *Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.*

d) *Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.*

exclusión social.

f) *Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.*

g) *Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.*

h) *Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*

i) *Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.*

j) *Protección da salubridade pública.*

k) *Cemiterios e actividades funerarias.*

l) *Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*

m) *Promoción da cultura e equipamentos culturais.*

n) *Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*

ñ) *Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións”.*

2.- *Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

“Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

–En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

–Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.

–Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.

–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademais: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.”

3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restrición no exercicio das competencias municipais, unicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:

–Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).

–Intervención Xeral Municipal.

–Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.

–Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)

–Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.

–Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.

–Recursos Humanos.

–Administración Electrónica.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrución 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que “non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

Trátase polo tanto dunha competencia distinta das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

A este respecto manifestar que a prestación deste Servizo ven levándose a cabo dende o ano 2009, materializándose coa tramitación, entre outros, dos expedientes núms. 19457/220, 21973/220, 23132/220, 24444/220 e, 25661/220.

O importe do custe de dito nomeamento interino, para acomete-lo gasto proposto durante o período mencionado, ascende a un total de 4.127,77€ e imputaríase con cargo a partida 334.1.140.00.00 "NOMEAMENTO FUNCIONARIADO INTERINO DINAMIZACION LINGUISTICA", dentro do Capítulo I de gastos, nos termos do previo e preceptivo informe de fiscalización e xestión económica que se emita, toda vez que foi realizada pola Intervención Xeral en data 15/10/2015, modificación de crédito nº 81/15.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO :

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder nomeamento interino por acumulación de tarefas, derivado da subvención concedida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, dun/ha Técnico/a Superior de Normalización Lingüística por un período máximo de dous meses e seis días, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007 de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 4.127,77€ € con cargo a partida orzamentaria partida 334.1.140.00.00 "Nomeamento funcionariado interino Dinamización Lingüística", para facer fronte ao referido nomeamento interino.

Segundo.- Nomear como funcionaria interina por acumulación de tarefas como Técnica Superior de Normalización Lingüística, a D^a. LAURA IGLESIAS RODRÍGUEZ, DNI 36.157.519-R, única aspirante que superou as probas de selección realizadas ao abeiro das Bases de selección aprobadas pola Xunta de Goberno Local en data 27/09/2013, a cal acreditou neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos esixidos nas Bases de convocatoria, para a realización das tarefas propias do posto de traballo, por un período de dous meses e seis días.

Terceiro.- O custo do presente nomeamento interino, imputarase á partida presupostaria 334.1.140.00.00 "Nomeamento funcionariado interino Dinamización Lingüística".

Cuarto.- Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no art. 10.1.d) da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os dous meses e seis días dende a data de nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria en relación a súa xornada de traballo de catro horas diarias do posto Cód. 178, Técnico/a Normalización Lingüística, da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade. Neste caso, a cantidade bruta mensual de 1.876.26€

mensuais por tódolos conceptos, correspondentes a xornada diaria de catro horas (1876.26 €/30 x 2 meses e seis días, ata un total de 4.127,77€, importe da subvención concedida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística para a contratación de persoal para o SNL, (Resolución de data 23 de xullo de 2015 da Secretaría Xeral de Política Lingüística), sendo adscrita ao servizo de Normalización Lingüística (225).

Quinto.- *Establecer que a xornada laboral desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá de 09,30 a 13,30 horas. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do Servizo fose necesario.*

Sexto.- *Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1238).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA AXUDANTE DE OFICIOS BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DA LEI 7/2007, DE 12 DE ABRIL (EBEP), POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 27136/220.

Visto o informe de fiscalización do 27.10.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 21.10.15, conformado pola xefa do Servizo e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes:

Con data 28 de setembro de 2015, o técnico do Servizo de Educación, coa conformidade da Concelleira-delegada da Área de Educación, solicita o nomeamento interino por acumulación de tarefas dun/dunha vixiante de instalacións municipais pola escaseza de RR.HH existentes no Servizo para cubrir os servizos nos distintos colexios públicos municipais, que garantan o cumprimento da obriga municipal para cos colexios públicos (vixilancia, conservación e mantemento), pola evidente falta de medios humanos cos que conta o Servizo, agravado polas baixas de enfermidade e permisos oficiais, as recentes xubilacións de empregados municipais e, a baixa médica por accidente laboral que se prevé de longa duración dun dos porteiros vixilantes adscritos ao Servizo.

O Servizo Municipal de Educación debe asumir a xestión e execución das competencias e funcións que a lexislación vixente recoñece ás corporacións locais como responsabilidade de obrigado cumprimento no ámbito da Educación. En concreto, o mantemento, conservación, reparación e vixilancia dos Centros Educativos Públicos de Infantil e Primaria de Vigo, é competencia é responsabilidade do Concello, segundo se recolle na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (art. 25, parágrafo 2), reformada pola Lei 27/2013 de de de decembro, de

Racionalización e Sostibilidade da Administración Local. Isto supón ter que atender e dar resposta urxente dende a Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) ás innumerables necesidades que teñen os máis de 50 centros escolares que supoñen máis de 175.000 m2 de superficie edificada e máis de 300.000 m2 de superficie de terreos que acollen a preto de 10.000 alumnos/as.

Do referido escrito de petición, que obra no expediente administrativo despréndese que o pasado 11 de maio está de baixa por accidente laboral o porteiro vixiante do CEIP "Valle Inclán", sendo imprescindible a súa reposición.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 07 de outubro actual, prestou conformidade á referida proposta, autorizando o nomeamento interino dun axudante de oficios por acumulación de tarefas, por un período máximo de seis meses, tal e como establece o artigo 10.1.d) do EBEP, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación, nos termos da solicitude do técnico do Servizo de data 28 de setembro de 2015.

En execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura en réxime laboral fixo de vintasete prazas de Axudantes de oficios, figurando na acta do tribunal de data 26 de decembro de 2011 a correspondente proposta de contratación, formalizando contrato laboral fixo con data 1 de febreiro de 2012, trala autorización da Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación de aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde o nomeamento como axudante de oficios, segundo informe técnico que se achega ao expediente, do aspirante D. Jesús Fajardo Fariñas que aceptou expresamente o mesmo, acreditando neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que o aspirante proposto leva mais de seis meses dende que rematou o seu último nomeamento interino como axudante de oficios (art. 10.1.d) do EBEP, expte. 25600/220 aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 12/09/14 e 09/05/14, rematando o mesmo en data 14/03/15, polo que está en condicións de ser novamente nomeado desde o día 15/09/15.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

"Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira

persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

“Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas”.

De conformidade co establecido no artigo 3 das anteriores “normas reguladoras”, foi requirido o aspirante D. JESUS FAJARDO FARIÑAS, DNI 36.130.401-T da lista de substitucións referida, ao que lle corresponde ser nomeado, o cal manifestou a través de escrito de data 09/10/15 optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo do disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 218-vixiante de instalacións municipais da RPT vixente), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo, a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa («B.O.E.» 17 setembro) que modificou o E.B.E.P, establece que “el personal interino cuya designación sea consecuencia de la ejecución de programas de carácter temporal o del exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses, podrá prestar los servicios que se le encomienden en la unidad administrativa en la que se produzca su nombramiento o en otras unidades administrativas en las que desempeñe funciones análogas, siempre que, respectivamente, dichas unidades participen en el ámbito de aplicación del citado programa de carácter temporal, con el límite de duración señalado en este artículo, o estén afectadas por la mencionada acumulación de tareas”.

De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, “os candidatos que non tendo superado o proceso

selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en réxime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que os citados candidatos superaron os exercicios da correspondente oposición para a cobertura en réxime laboral fixo de prazas de axudantes de oficios na última convocatoria pública.

Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, dispón no seu artigo 21.2, que durante o ano 2015 non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:

En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

e) *Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.*

f) *Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.*

g) *Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.*

h) *Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*

i) *Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.*

j) *Protección da salubridade pública.*

k) *Cemiterios e actividades funerarias.*

l) *Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*

m) *Promoción da cultura e equipamentos culturais.*

n) *Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*

ñ) *Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións”.*

2.- *Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

–En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

–Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.

–Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.

–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademais: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá

acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restrición no exercicio das competencias municipais, unicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:

- Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).*
- Intervención Xeral Municipal.*
- Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.*
- Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)*
- Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.*
- Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.*
- Recursos Humanos.*
- Administración Electrónica.*

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrución 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.*
- c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.*

Trátase polo tanto dunha competencia propia, recollida no art. 25.2.n) da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o que se fai constar, segundo o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa

mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño pasado, a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación dos servizos de conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, primaria ou especial, como servizo público esencial, infórmase favorablemente aos devanditos nomeamentos, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición do Servizo de Educación anexo ao expediente.

O importe do custe de dito nomeamento, para acomete-lo gasto proposto durante un período de seis meses ascende a un total de 10.573,28€ (desta cantidade 6.486,04€ se corresponde ao presente exercicio orzamentario 2015 e, 7.087,24€ ao vindeiro exercicio 2016), ao que haberá que engadirse a cantidade de 3.932,25€ en concepto de Seguridade Social a cargo do Concello, e imputaríase con cargo a partida 920.0.1400000 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento prorrogado para o ano 2015, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da Xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Axudante de Oficios, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación, contidas no escrito de 28 de setembro de 2015 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 10.573,28€, con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte ao referido nomeamento.

Segundo.- Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, á D. JESÚS FAJARDO FARIÑAS, DNI 36.130.401-T, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Axudantes de Oficios, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 218, vixiante de instalacións municipais, sendo adscrito ao Servizo de Educación (cód. 332), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 da Lei 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico do Empregado Público, modificado pola Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir

necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Cuarto.- A xornada laboral do traballador nomeado, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso será obrigatoria a dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do Servizo fose necesario”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1239).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL E PERSOAL:

A) REASIGNACIÓN DO FUNCIONARIO MUNICIPAL D. MANUEL CÓRDOBA ARDAO Á ÁREA DE SEGURIDADE. EXPTE. 27132/220.

Dáse conta da resolución de data 16.10.15, que di o seguinte:

Vista a solicitude presentada polo funcionario municipal D. MANUEL CÓRDOBA ARDAO, con nº de persoal 76.266, asesor xurídico adxunto destinado na Asesoría Xurídica Municipal, en escrito de data 01/10/2015 (documento administrativo nº 150124324, expediente administrativo nº 27.132/220) solicitando instrucións sobre a permanencia na Área de Seguridade -na cal temporalmente se atopaba prestando servizos- e a adopción de medidas tendentes á regularización da situación fáctica existente; e visto o informe emitido pola Titular da Asesoría Xurídica Municipal en data 07/10/2015, así como pola Xefatura da Área de Seguridade en data 15/10/2015;

Visto o informe favorable emitido pola Xefatura do Servizo de Recursos Humanos en data 15/10/2015;

Visto o marco legal do emprego público que con carácter básico establece a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, nos seus artigos 73 e 52 a 54; ao abeiro das competencias que en canto á xefatura do persoal municipal ostento por delegación efectuada en Decreto da Excma. Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas delegadas pola Xunta de Goberno Local en acordo de mesma data, derivadas do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, pola presente RESOLVO:

“Primeiro.- Reasignar ao funcionario municipal D. MANUEL CÓRDOBA ARDAO, con nº de persoal 76.266, asesor xurídico adxunto destinado na Asesoría Xurídica Municipal, á Área de Seguridade do Concello de Vigo, de conformidade cos informes emitidos, onde desenvolverá as funcións propias do posto de traballo e inherentes á praza da cal é titular, dispoñendo igualmente a readscripción da praza e do posto de traballo asociado (código de posto 111.04, código retributi-

vo 230) á Área indicada (código 210) con efectos económicos e administrativos da data da presente resolución.

Segundo.- De conformidade co disposto nos artigos 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e coa finalidade de adecuación das aplicacións orzamentarias á readscripción de praza e posto efectuada, autorízase a transferencia de crédito do posto traballo de asesor/a xurídico/a adxunto existente na asesoría xurídica municipal, asociado a unha praza de técnico de Administración Xeral, rama xurídica (código retributivo 230) á Área de Seguridade (código 210) debendo incorporarse a modificación efectuada ao documento da relación de postos de traballo (RPT).

Terceiro.- Da presente resolución dése traslado ao interesado, Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Negociado de Seguridade Social, planificación e organización e inspección de persoal) aos efectos que procedan.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento."

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

B) REDUCCIÓN DE XORNADA LABORAL DO 50% DE DNA. SOFÍA MÉNDEZ CAMAÑO, CON DATA DE INICIO DE 01/11/2015. EXPTE. 27166/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 19.10.15, que di o seguinte:

A medio de escrito de data 09/10/2015 (doc. nº 150128604), D^a Sofía Méndez Camaño, con DNI nº 76826904-G e nº persoal 80678, traballadora social interina que desenvolve as súas funcións no Servizo de Benestar Social, solicita se lle conceda unha redución de xornada do 50% por motivos de conciliación familiar, coa correspondente diminución proporcional do seu salario, a partir do día 01/11/2015.

O Art. 48.h) da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que por razóns de garda legal, cando o funcionario teña o coidado directo dalgún menor de doce anos, de persoa maior que requira especial dedicación, ou dunha persoa con discapacidade que non desenvolva actividade retribuída, terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución das súas retribucións que corresponda.

Con data 15/10/2015 pola xefatura do Servizo de Benestar Social, infórmase que pode asumirse esa redución, xa que non afecta as funcións que realiza a interesada.

Á vista das circunstancias anteriormente mencionadas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local segundo redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para Modernización do Goberno Local; visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015, de delegación de competencias en materia de persoal, sométese a consideración do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Único.- Autorizar a D^a Sofía Méndez Camaño, con DNI nº 76826904-G e nº persoal 80678, traballadora social interina que desenvolve as súas funcións no Servizo de Benestar Social, unha redución de xornada do 50% coa correspondente redución de retribucións de conformidade co previsto no art. 48.h) da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público e a vista do informe favorable da Xefatura do Servizo, dende 01/11/2015.

A presente resolución notifíquese á interesada, Xefatura do Servizo de Benestar Social, Intervención Xeral, Recursos Humanos (técnico de organización e planificación de RR.HH, Inspector Auxiliar de Persoal e Negociado de Seguridade Social) e dese conta á Xunta de Goberno Local.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, ou calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Con data 20.10.15, o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal-Persoal, resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

C) PRÓRROGA DA COMISIÓN DE SERVIZOS DE D. MANUEL SÁNCHEZ SÁNCHEZ, SOLICITADA POLO CONCELLO DE PORRIÑO. EXPTE. 27112/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 19.10.15, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Vista a petición formulada polo Concello de Porriño en escrito de data 28 de setembro de 2015 (documento administrativo nº 150122461) solicitando formalmente ao Concello de Vigo a prórroga da Comisión de Servizos informada favorablemente por este Concello por resolución de data 20/10/2014 de D. Manuel Sánchez Sánchez.

Solicitado informe á Xefatura do Corpo da Policía Local, en data 19/10/2015 informase favorablemente dita Comisión.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Dada a ausencia de regulación específica en relación aos procedementos de autorización de comisión de servizos nos corpos de Policía Local pola Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordina-

ción das Polícías Locais de Galicia, e polo regulamento de desenvolvemento; toda vez que se trata dun sistema de provisión de postos de traballo contemplado na lexislación básica encadrada no Dereito do Emprego Público; e dende a óptica do establecido na Disposición Final Cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, efectúase unha remisión normativa ao disposto no artigo 64 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional –de aplicación supletoria ao persoal ao servizo da Administración Local-, que establece o réxime das comisións de servizo.

En concreto, o artigo 64 da norma invocada contempla expresamente que:

“1. Cuando un puesto de trabajo quede vacante podrá ser cubierto, en caso de urgente e inaplazable necesidad, en comisión de servicios de carácter voluntario, con un funcionario que reúna los requisitos establecidos para su desempeño en la relación de puestos de trabajo.

2. Podrán acordarse también comisiones de servicios de carácter forzoso, cuando, celebrado concurso para la provisión de una vacante, ésta se declare desierta y sea urgente para el servicio su provisión podrá destinarse con carácter forzoso al funcionario que preste servicios en el mismo Departamento, incluidos sus Organismos autónomos, o Entidad Gestora de la Seguridad Social, en el municipio más próximo o con mejores facilidades de desplazamiento y que tenga menores cargas familiares y, en igualdad de condiciones, al de menor antigüedad.

3. Las citadas comisiones de servicios tendrán una duración máxima de un año prorrogable por otro en caso de no haberse cubierto el puesto con carácter definitivo y se acordarán por los órganos siguientes:

a) La Secretaría de Estado para la Administración Pública, cuando la comisión suponga cambio de Departamento ministerial y se efectúe en el ámbito de los servicios centrales, o en el de los servicios periféricos si se produce fuera del ámbito territorial de una Comunidad Autónoma y, en ambos casos, previo informe del Departamento de procedencia.

b) Los Subsecretarios, en el ámbito de su correspondiente Departamento ministerial, así como entre el Departamento y sus Organismos autónomos y, en su caso, Entidades Gestoras.

c) Los Presidentes o Directores de los Organismos autónomos y de las Entidades Gestoras y Servicios Comunes de la Seguridad Social, respecto de los funcionarios destinados en ellos.

d) Los Delegados del Gobierno y Gobernadores civiles, en el ámbito de sus respectivas competencias, cuando se produzcan entre servicios de distintos Departamentos, previo informe del Departamento de procedencia.

4. Si la comisión no implica cambio de residencia del funcionario, el cese y la toma de posesión deberán producirse en el plazo de tres días desde la notificación del acuerdo de comisión de servicios; si implica cambio de residencia, el plazo será de ocho días en las comisiones de carácter voluntario y de treinta en las de carácter forzoso.

5. El puesto de trabajo cubierto temporalmente, de conformidad con lo dispuesto en los apartados 1 y 2 del presente artículo, será incluido, en su caso, en la siguiente convocatoria de provisión por el sistema que corresponda.

6. A los funcionarios en comisión de servicios se les reservará el puesto de trabajo y percibirán la totalidad de sus retribuciones con cargo a los créditos incluidos en los programas en que figuren dotados los puestos de trabajo que realmente desempeñan.”

II.- En consecuencia, e toda vez que se manteñen as condicións para a prórroga da comisión de servizos do efectivo interesado D. Manuel Sánchez Sánchez e concorrendo informe favorable da xefatura do Corpo, procede informar favorablemente a solicitude indicada.

III.- Á vista das circunstancias anteriormente mencionadas, e as competencias recollidas no artigo 124.4.i da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local segundo redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para Modernización do Goberno Local; visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015, de delegación de competencias en materia de persoal, sométese a consideración do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“PRIMEIRO.- “Informar favorablemente a prórroga de comisión de servizos solicitada polo Concello de Porriño en escrito de data 28/09/2015 (documento administrativo nº 150122461) para a prestación de servizos por parte do funcionario de carreira municipal D. Manuel Sánchez Sánchez, con praza e posto de Oficial de policía local, en atención ao informe favorable emitido pola Xefatura do Corpo da Policía Local en data 19/10/15 e ao informe-proposta que antecede, e coas especificacións e nos termos e condicións que de seguido se relacionan:

- A duración máxima da presente prórroga será de 1 ano, que finaliza o 31 outubro de 2015.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución ao Concello de Porriño, Xefatura do Corpo da Policía Local, Concellería-Delegada da Área de Seguridade, Xefatura da Área de Réxime Interior, Sr. Técnico de Organización e Planificación aos efectos oportunos, debendo darse conta a Xunta de Goberno Local.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Con data 20.10.15, o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal-Persoal, resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

D) AMPLIACIÓN DAS XORNADAS DE REFORZOS DA POLICÍA LOCAL, OUTUBRO 2015. EXPTE. 45525/212.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 19.10.15, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Recíbese no Servizo de Recursos Humanos solicitude de ampliación en 280 xornadas o número de xornadas de reforzo autorizadas no mes de outubro 2015 por efectivos adscritos ao Corpo da Policía Local, formalizada polo Superintendente Xefe do Corpo, e conformado polo Sr. Concelleiro/a-delegado/a da Área de Mobilidade e Seguridade, en aplicación dos requisitos e

condicións do Programa para a realización de reforzos por persoal do dito Corpo vixente no presente 2015 (acordo da Xunta de Goberno Local de 23/01/2015). A necesidade de realización das citadas xornadas vén motivada no informe do Intendente Xefe e funcións (Decreto Alcaldía 11/12/2013), e cuantifícase o custe das mesmas nun importe de 59.348,91 euros.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 23 de xaneiro de 2015, acordou a prórroga do Acordo Marco para a ampliación das xornadas laborais para o persoal do servizo da Policía Local aprobado na sesión de 5 de outubro de 2012, expte. 36255/212.

2.- Recibida a solicitude e remitida á Intervención Xeral Municipal para a preceptiva fiscalización previa do gasto proposto, en data 16/10/2015 se procede á fiscalización do mesmo.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Segundo o Acordo marco para a realización de xornadas de reforzo por parte dos efectivos adscritos ao Corpo da Policía Local de Vigo, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/12/2013, a proposta formulada polo Superintendente Xefe ten por obxecto:

- Garantir a presenza dun mínimo de 48 funcionarios no turno de mañán durante todo o ano.
- Garantir a presenza dun mínimo de 38 funcionarios no turno da tarde durante todo o ano.

–Procurar nos turnos de mañana e tarde, e no seu caso no da noite para as campañas específicas que poidan establecerse, un incremento medio de catro funcionarios por turno.

–Diseñar e executar con eficacia e eficiencia cantas actuacións específicas resulten do exercicio das competencias propias: controis de velocidade; consumo de alcohol e outras sustancias prohibidas na condución de vehículos; controis sobre os pasos de peóns e cruces regulados con semáforos; controis sobre o uso dos medios de seguridade pasiva na utilización de vehículos; controis específicos en materia de seguridade cidadá –en particular, do fenómeno do bote-lón; controis sobre a ocupación do dominio público e de protección dos bens públicos; actuacións específicas en materia de violencia de xénero; actuacións específicas en materia de protección do medio ambiente; policía urbanística en canto ao control de actividades sin licenza ou non conformes á mesma; participar no mantemento da orde público nos espectáculos públicos, nas manifestacións e demais supostos de grandes concentracións de persoas, etc).

II.- Constitúe responsabilidade exclusiva da Xefatura do Corpo a verificación da efectiva realización dos servizos cuxa realización se propón autorizar polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa das datas e efectivos concretos de realización das mesmas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014 e normativa de concordante e procedente aplicación.

III.- O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 que recolle grande parte das limitacións impostas polo Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo, e Real Decreto-lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público –en desenvolvemento desta última norma, a Xunta de Goberno Local, en sesión do 09/03/2012, adoptou acordo de limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade-.

Deste xeito, a Xefatura do Corpo deberá desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordi-

narios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público, sempre atendendo ás especiais circunstancias da actividade policial nas entidades locais e ás características sociodemográficas concorrentes no termo municipal de Vigo.

IV.-A fiscalización previa do gasto efectuada pola Intervención Xeral Municipal en data 16/10/2015, realizada ao abeiro do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos Municipais vixentes, constando incorporada no expediente administrativo, verificando a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 920.0.150.0000 (Productividade),.

V.- A competencia para a autorización de realización de xornadas de reforzo por parte dos efectivos adscritos ao Corpo de Policía Local e conseguinte autorización do gasto inherente está expresamente delegada no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/12/2013

En consecuencia, e á vista dos antecedentes e motivación expostos, efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“PRIMEIRO.- Autorizar a realización de 280 xornadas de reforzos a realizar no mes de outubro do presente 2015 por efectivos adscritos ao Corpo da Policía Local, amais das xa autorizadas por Resolución de data 01/10/2015, segundo a petición formalizada polo Superintendente Xefe do Corpo, e conformado polo Sr. Concelleiro/a-delegado/a da Área de Seguridade, en aplicación dos requisitos e condicións do Programa para a realización de reforzos por persoal do dito Corpo vixente no presente 2015 (acordo da Xunta de Goberno Local de 23/01/2015).

SEGUNDO.- Autorizar o gasto que en tal concepto se derive por un importe total de 59.348,91 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.150.0000 (Productividade) dos Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2015, nos termos da fiscalización previa do gasto efectuada pola Intervención Xeral Municipal en data 16/10/2015.

TERCEIRO.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conllevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2014, pola Lei 36/2013, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, sendo responsabilidade directa da xefatura do Corpo a non superación dos límites citados, a salvo de circunstancias de extrema e excepcional gravidade e necesidade, nos termos da lexislación vixente.

CUARTO.- Dispoñer a inclusión na nómina municipal de cada un dos efectivos incorporados ao Programa de reforzos 2015 dos importes que en concepto de productividade se devenguen como consecuencia da realización dos servizos de reforzo indicados, nos termos da previa relación nominal expresiva e acreditativa de tal extremo que deberá remitir a Xefatura do Corpo ao Servizo de Recursos Humanos a tal efecto.

QUINTO.- Notificar a presente resolución á Xefatura do Corpo da Policía Local, Sr. Concelleiro/a delegado/a da Área correspondente e Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Con data 20.10.15, o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal-Persoal, resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

E) ENCOMENDA DE FUNCIONS A M^a ÁNGELES GONZÁLEZ PEINADO POR BAIXA IT DA XEFA DO SERVIZO DE CONSERXERÍA. EXPTE. 27133/220.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 19.10.15, conformado pola xefa de dito Servizo, que di o seguinte:

Recíbese neste Servizo de Recursos Humanos Doc 150125422, asinado pola Xefa de Conserxería e conformado pola Xefa da Área de Reximen Interior, no que, ante a baixa por I.T. da primeira, se solicita que as funcións correspondentes a dito posto sexan realizadas pola funcionaria adscrita a dito servizo, D^a Angeles González Peinado con posto de Ordenanza Porteiro

En instrución de servizo de data 05/10/2015 o Concelleiro Delegado de Xestión Municipal e Persoal ordea ao Servizo de Recursos Humanos a realización dos tramites administrativos necesarios para encomendar as devanditas funcións, retribuíndolles conforme as instrucións de plantilla vixentes.

Dado que as vixentes instruccións de Plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 20 de setembro de 2010 recollen expresamente que se retribuirá en concepto de produtividade "o especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia de su titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos. A estes efectos as vacacións consideraranse sempre como dun mes, independentemente da súa duración,

Tendo en conta a diferenza retributiva en canto a complemento de destino e específico existente entre o posto Codg 110 Xefe/a Subalternos e o posto Codg 155 Ordenanza porteiro, polo período máximo a aboar con cargo ao presente exercicio, comprendido entre o 5 de outubro ao 31 de decembro de 2015, corresponderíalle o aboamento da cantidade de 1424,73 €.

Realízase informe de fiscalización pola Intervención Xeral e expídese documento contable Rc num 66677.por importe de 1424.73€, con cargo a aplicación orzamentaria 9200.1500000 "Productividade. En canto as dúbidas en canto a potestade do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal en canto a realización de encomendas provisionais de funcións aos empregados municipais, haberá de contemplarse o recollido no apartado III b) 2.- do Decreto de Alcaldía de data 19/06/2015.

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e delegación efectuada en Decreto de Alcaldía de 19/06/2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local da mesma data, en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, ao Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal, PROPONSE:

Primeiro.- Encomendar provisional e transitoriamente a empregada municipal Dona M Angeles Gonzalez Peinado, co nº de persoal 79495 e posto de Ordenanza porteiro, a realización das funcións propias do posto de Xefa de Conserxería, con carácter transitorio e sen prexuízo das tarefas propias da praza e posto de traballo asociado ao cal está adscrito, así como outras tarefas que lle sexan encomendadas pola Xefa da Área e/ou Concelleiro delegado da Área, relacionadas coas tarefas do posto encomendado.

Segunda.- Dispóñese que a encomenda anterior, que en todo caso ten carácter provisional, supoñe a cesación automática no momento no cal a incorporación da súa baixa por I.T. da titular do posto Codg 110 Xefe/a Subalternos e en todo caso o 31 de decembro de 2015, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo. Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas levadas a cabo no período obxecto de aboamento e deberá acompañarse de listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendadas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensación ou redución de xornada nin aboable

Cuarto.- Da presente resolución, dése traslado aos interesados, concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos, Planificación e organización, así como ao Comité de Persoal.

Quinto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento."

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Con data 20.10.15, o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal-Persoal, resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

F) ENCOMENDA DE FUNCIÓNS A D. BENJAMÍN COLLAZO RODRÍGUEZ (XEFE DO SERVIZO DE LIMPEZA). EXPTE. 27207/220.

Dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 23.10.15, conformado pola xefa de dito Servizo, que di o seguinte:

En data 21/09/2015 o Concelleiro-Delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, solicita a realización de encomenda das funcións correspondentes a xestión, tramitación, seguimento e control da actividade do Servizo de Comercio ao funcionario municipal D. Benjamín Collazo Rodríguez (núm. persoal 78894), Xefe do Servizo de Limpeza, mentras non sexa posible o nomeamento dun técnico/a municipal como Xefe do Servizo de Comercio (doc.150118100).

En data 22/10/2015, o Concelleiro-delegado de Xestión Municipal polo Servizo de Recursos Humanos realícese os trámites administrativos necesarios para encomendar ao devandito empregado municipal as funcións solicitadas, compatibilizando ditas funcións coas propias do seu posto de traballo, dentro da súa xornada habitual de traballo.

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións.

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e a delegación efectuada en Decreto de data 13 de xuño do 2011 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, ao Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, PROPONSE:

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente ao funcionario D. Benjamín Collazo Rodríguez (núm. Persoal 78894), adscrito ao posto “Xefe do Servizo de Limpeza” as funcións correspondentes a xestión, tramitación, seguimento e control da actividade do Servizo de Comercio, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección do Concelleiro-delegado da Área, compatibilizando ditas funcións coas propias do seu posto de traballo, dentro da súa xornada habitual de traballo.

Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez ata que se proceda a creación de dito posto e conseguinte adscripción mediante a reasignación de efectivos ou calquer outro sistema de provisión previsto legalmente, e en todo caso, ata o 31 de decembro do 2015, tal e como se recolle nas vixentes instrucións sobre Plantilla e Relación de postos de traballo do persoal ao servizo da corporación así como nas Bases de execución do orzamento.

Terceiro.- Da presente resolución dese traslado ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Con data 26.10.15, o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal-Persoal, resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

G) AUTORIZACIÓN DE HORAS EXTRAS AO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL, CORRESPONDENTES AOS MESES DE OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2015. EXPTE. 27169/220.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 15.10.15, conformado pola xefa de dito Servizo, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 09/10/2015 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para o Servizo do Parque Móbil, asinada polo xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais e conformado polo/a Sr/Sra Concelleiro/a delegado/a da Área, a fin de ser realizadas por parte dos empregados municipais seguintes:

Posto	Servizo	NP	Apelidos e Nome
Xefe de Equipo	Parque Móbil	12753	Gil González, Antonio
Oficial Conductor	Parque Móbil	80679	Alonso González, Angel
Oficial Conductor	Parque Móbil	80454	Puente Veiga, Alfonso
Oficial Conductor	Parque Móbil	80659	Carballo Magariños, Jesús
Oficial Conductor	Parque Móbil	14723	Romero Cobas, José Luis
Oficial Mecánico	Parque Móbil	78822	Agulla Amorin, Francisco J.
Oficial Conductor	Parque Móbil	82143	Graña Feijoo, David
Oficial Conductor	Parque Móbil	09159	Riveiro Rodríguez, José
Oficial Mecánico	Parque Móbil	81986	Martínez García, Juan

Por parte do servizo solicitante estímase un total de 240 horas, a realizar durante os meses de outubro, novembro e decembro de 2015, para efectuar traballos de mantemento dos vehículos en prolongación de xornada polas tardes (pre ITV-cambios aceite-engrase camiós, máquinas, tractores, etc.).

2.- Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 13/10/2015, ordenou a este Servizo de Recursos Humanos a tramitación administrativa da petición indicada.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Por parte deste Servizo, estímase necesario sinalar que:

I.- Segundo se establece no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produxeron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

II.- Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación.

III.- O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, entre outras normas, e polos acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade.

Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público.

IV.- Considerando a motivación exposta, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral polo persoal municipal adscrito ao Servizo do Parque Móbil, que seguidamente se indica:

Nº Persoal	Apelidos e Nome
12753	Gil González, Antonio
80679	Alonso González, Angel
80454	Puente Veiga, Alfonso
80659	Carballo Magariños, Jesús
14723	Romero Cobas, José Luis
78822	Agulla Amorin, Francisco Javier
82143	Graña Feijoo, David
09159	Riveiro Rodríguez, José
81986	Martínez García, Juan

A presente autorización outórgase nun máximo total de 240 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de outubro ao 31 de decembro de 2015, nos termos do escrito asinado polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais e polo concelleiro-delegado de Fomento en data 10/09/2015, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” e e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2014, nos termos do establecido na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Con data 16.10.15, o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal-Persoal, resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

22(1240).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN FINAL DE OBRA DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DA RÚA PAZOS E ENTRONQUE” E TOMA DE COÑECEMENTO DO INICIO DO PRAZO DE GARANTÍA. EXPTE. 2725/440.

Visto o informe de fiscalización do 21.09.15, dáse conta do informe-proposta do responsable do contrato e xefe da Área de Servizos Xerais, do 20.10.15, conformado, conformado polo asesor xurídico da área de Fomento, polo concelleiro-

delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 7 de outubro de 2015 a Secretaria do Goberno Local devolveu o expediente de referencia, que lle fora remitido no seu día para aprobación do dito Órgano. O motivo é que se incorpore un informe-proposta final consonte ao previsto na súa circular número 1/2015.

O motivo parece obedecer a que no informe de fiscalización da Intervención Xeral “de conformidade” de data 21 de setembro de 2015 indícase que a efectos de completar o expediente se incorpore ao mesmo a xustificación de determinadas circunstancias que se botan en falta.

A xustificación das circunstancias que requería a Intervención Xeral figuran no informe desta mesma data incorporado ao expediente.

Por isto e tendo en conta que o expediente foi informado favorablemente de fiscalización pola Intervención Xeral, pásase a continuación a formular o informe-proposta final que substitúe ao anterior de data 30 de xullo de 2015.

De acordo co apartado 3 da cláusula nº 1 do PCAP, correspóndelle ao Responsable do contrato a emisión dun informe sobre a execución e desenvolvemento da obra, polo cal procedese a recoller no seguinte informe todos os aspectos e incidencias vinculadas á execución da obra:

1.- Trámites do expediente:

Aprobación do proxecto básico e de execución	Expediente 2688/440, por acordo da XGL en sesión do 21/10/2014
Orden de inicio do expediente de contratación	Resolución por Decreto do Concelleiro Delegado con data de 23/10/2014
Aprobación expediente de contratación	Expediente 2725/440. Aprobado pola XGL en sesión do 14/11/2014. Importe de licitación de 175.000,00 €.
Aplicación Orzamentaria Proxecto	1550.619.00.10 Humanización Pazos e entronque camiño P
Adxudicación	Por acordo da XGL en sesión do 30/12/2014 a UTE ACEVI S.L.-MONTAJES J.M. IGLESIAS S.L., por un prezo de 145.331,89 euros (IVE engadido).
Prazo de execución	4 meses
Garantía:	12+60 meses de incremento da garantía = 72 meses
Sinatura do contrato	30/12/14
Dirección facultativa	A XGL do 20/01/2015, acordou o nomear aos técnicos municipais D. Álvaro Crespo Casal e D. Julio Carrasco Rodríguez. Expediente: 2725/440.
Coordinación de Seg e Sa.	A XGL do 20/01/2015, acordou o nomear a D Roberto Pérez Prol con DNI 44466539-H, enxeñeiro técnico agrícola nº 358. Expediente: 2725/440.
Plan de Seguridade e Saúde	Aprobado pola XGL en sesión de 26/01/2015, de acordo co documento presentado pola UTE ACEVI S.L.-MONTAJES J.M. IGLESIAS S.L., de acordo co informe favorable de data 21/01/2015 asinados por D. Roberto Pérez Prol , como coordinador de seguridade e saúde. Expte: 2827/443.

Plan de Residuos	Se da conta a XGL en sesión do 26/01/2015, de acordo co documento presentado pola UTE ACEVI S.L.-MONTAJES J.M. IGLESIAS S.L. e co informe favorable de data 22/01/2015 asinado por D. Álvaro Crespo Casal, como director facultativo. Expte: 2827/443.
Plan de Traballo	Aprobado pola XGL en sesión de 27/02/2015, de acordo co documento presentado pola UTE ACEVI S.L.-MONTAJES J.M. IGLESIAS S.L. e co informe favorable de data 23/02/2015 asinado por D. Julio Carrasco Rodríguez e Álvaro Crespo Casal, como directores facultativos. Expte: 2858/443.
Plan de Calidade	Aprobado pola XGL en sesión de 27/02/2015, de acordo co documento presentado pola UTE ACEVI S.L.-MONTAJES J.M. IGLESIAS S.L. e co informe favorable de data 23/02/2015 asinado por D. Julio Carrasco Rodríguez e Álvaro Crespo Casal, como directores facultativos . Expte: 2858/443

2.- Execución da obra:

De acordo co punto a) do apartado 4º das FEC, o prazo de execución e de 4 meses.

1.) A Humanización da rúa Pazos e entronque, foi unha obra de investimento do ano 2014. Tendo en conta que a obra non foi executada en 2014 procedeuse á tramitación da incorporación da mesma no exercicio 2015; financiándose con cargo ao remanente de tesourería de 2014. Con data 29 de xaneiro de 2015, por Decreto do Alcalde, procédese a resolver a incorporación dos remanentes de Tesourería do ano 2014, cos cales se incorporan ao orzamento prorrogado para o ano 2015 os créditos adecuados e suficientes para executar a totalidade da obra; polo cal procedeuse o 29 de xaneiro de 2015 á firma da acta de comprobación de replanteo.

Acta de comprobación do Replanteo	Acta asinada con data 29/01/2015
Data de inicio das obras	30/01/15
Data inicial de finalización das obras	30/05/15

3.- Certificacións de obra:

Data	Nº certificación	importe
31/01/15	Certificación nº 1. execución obra. (ive incluído):	0,00 €
28/02/15	Certificación nº 2. execución obra. (ive incluído):	27.717,41 €
31/03/15	Certificación nº 3. execución obra. (ive incluído):	36.241,82 €
30/04/15	Certificación nº 4. execución obra. (ive incluído)	49.658,88 €
31/05/15	Certificación nº 5. execución obra. (ive incluído)	29.235,15 €

4.- Cumprimento das obrigas derivadas do PCAP:

4.1.- En relación a Cláusula nº 27 do PCAP, e de acordo as obrigas do adxudicatario en relación o "PERSOAL DO CONTRATISTA", debemos de indicar que no expediente consta a seguinte documentación:

a.- Consta a comunicación por escrito do contratista sobre o persoal que adscribirá a obra correspondente a execución da Humanización da rúa Pazos e entronque.

b.- Consta declaracións responsable asinadas polo Representante do Contratista, en relación a estar o corrente de pago de todas as súas obrigas salariais cos traballadores/as propios destinados a execución dos traballos obxecto do contrato e de acordo os seus contratos e os convenios colectivos de aplicación.

c.- Coa certificación final se adxunta a documentación acreditativa de estar o corrente coa Seguridade Social.

d.- Consta declaración responsable na cal se acredita o cumprimento das seguintes circunstancias de acordo co artigo 10 do Real Decreto 171/2004 de Coordinación de Actividades Empresariais:

- Que xunto coas súas subcontratas realizaron para a obra obxecto do contrato a avaliación dos riscos e a planificación da súa actividade preventiva.
- Que xunto coas súas subcontratas cumpriron coas súas obrigas en materia de información e formación respecto dos traballadores que vaian a executar os traballos.

4.2.- En relación a Cláusula nº 25 do PCAP, e de acordo as obrigas do adxudicatario en relación a "EXECUCIÓN DO CONTRATO", debemos de indicar que no expediente consta a seguinte documentación:

a.- Durante a execución das obras foron colocados a cargo do contratista os carteis informativos da obra, seguindo os modelos e instrucións do director facultativo das obras (consta na documentación gráfica anexa)

b.- Consta no expediente documentación gráfica sobre as diversas fases da execución da obra.

c.- Consta no expediente informe final da execución da obra entregado polo Contratista ó director facultativo, como documentación obrigatoria con anterioridade a aprobación da acta de recepción. Dito informe recolle en formato papel e dixital: documentación administrativa da obra, reportaxe fotográfico, certificados de calidade dos materiais, certificados de transporte e xestión de residuos autorizado, resultados dos ensaios realizados con cargo ó control de calidade, planos final de obra de tódalas actuacións levadas a cabo e presuposto final de obra comparado co presuposto do proxecto aprobado.

d.- Consta no expediente a comunicación do Contratista sobre o nome do técnico facultativo da empresa que ostentará a dirección de obra por parte da empresa.

e.- Consta no expediente a acta de comprobación do replanteo, asinada polas partes con data de 29/01/2015, a cal se atopa dentro do prazo máximo dun mes dende a formación do contrato (data do contrato 12/11/2014).

f.- Consta no expediente os seguintes documentos:

–Programa de traballo, presentado pola empresa, coa conformidade dos directores facultativos de data 23/02/2015. Dito programa de traballo foi aprobado pola XGL en sesión de 27/02/2015.

–Plan de seguridade e saúde, presentado pola empresa, coa conformidade do Coordinador de seguridade e saúde de data 21/01/2015. Dito Plan de seguridade e saúde foi aprobado pola XGL en sesión de 26/01/2015.

–Plan de residuos, presentado pola empresa, coa conformidade do director facultativo de data 22/01/2015. Dito plan de residuos foi aprobado pola XGL en sesión de 26/01/2015.

–Plan de calidade, presentado pola empresa, coa conformidade dos directores facultativos de data 23/02/2015. Dito plan de calidade foi aprobado pola XGL en sesión de 27/02/2015.

g.- Consta no expediente copia acreditativa da comunicación á autoridade laboral do inicio das obras e da apertura de centro de traballo, de acordo coa declaración responsable e copia do documento entregado no rexistro de entrada da inspección de traballo..

h.- Consta no expediente, e unha vez efectuada a recepción definitiva o Libro de ordes.

i.- En relación o despexe final das obras, informase que as zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas, foron restituídas á súa situación inicial antes da recepción das mesmas.

j.- Consta no expediente as declaración responsable por parte do contratista na que se detallan aquelas

subcontratistas ou subministradores cos que formalizase relación contractual, así como a de estar o corrente de pago nos prazos acordados cos subcontratistas ou subministradores respecto dos traballos executados no ámbito das certificacións presentadas. Así mesmo consta declaración responsable por parte do contratista na cal se indica que derivado das subcontratacións realizadas durante a execución da obra e de acordo coa documentación que consta no libro de subcontratación, o volume de obra subcontratada non supera o límite do 50 % establecido na cláusula 38 do PACP.

k.- Consta no expediente a xustificación presentada polo contratista do cumprimento das **CONDICIONS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN** definidas nas FEC respecto os apartados 4, 5 e 6 da cláusula 26 do PCAP.

5.- Recepción das obras:

As obras finalizaron dentro do prazo máximo establecido do 30/05/2015 e con data 26 de xuño asínase acta de recepción definitiva da obra relativa ao proxecto de “Humanización da rúa Pazos e entronque”. Determínase a data do 17 de xullo para a realización da medición xeral.

De acordo ao contido da acta de recepción, en relación á determinación do acto para a realización da Medición Xeral, con data 17 de xullo de 2015, procedese á realización de dita medición xeral das obras coa participación do director Facultativo da obra e o representante do contratista, de acordo co estipulado no artigo 166 de RXLCAP. Dito acto queda recollido na Acta de Medición Xeral expedida por triplicado e asinada por D. Julio Carrasco Rodríguez e D. Álvaro Crespo Casal, na súa condición de Directores Facultativos e de D. Julio Barros Puente como

representante do Contratista, o cal mostra a súa conformidade ao resultado da medición realizada no mesmo acto. A dita acta é entregada ao Responsable do Contrato na mesma data.

Por parte da dirección facultativa procédese na data de 20 de xullo de 2015 a emitir a certificación final da obra, de acordo ao contido da medición xeral realizada. Dita certificación final é asinada polo Representante do Contratista na mesma data.

6.- Prazo de garantía:

O prazo de garantía correspondente ao presente expediente de acordo ao contido da oferta realizada polo adxudicatario e de acordo ao contido do contrato asinado, correspóndese cun período de 72 meses, polo cal o inicio do prazo de garantía que terá efecto a partir da data de 26/06/2015, correspondente á data de recepción asinada polas partes, rematará o 26/06/2021. Polo cal o Responsable do contrato dentro dos quince (15) días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, de oficio ou a instancia do contratista deberá redactar informe sobre o estado das obras e proceda á Liquidación do contrato segundo o procedemento regulado no artigo 235 do TRLCSP.

7.- Competencia para a aprobación:

De conformidade co previsto no artigo 235.1 do TRLCSP a competencia para a aprobación da certificación final de obra correspóndelle ao órgano de contratación, que de conformidade co previsto na disposición adicional segunda de dita norma, é a Xunta de Goberno Local ao ser Vigo un municipio de “gran poboación”.

Por isto, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a certificación -nº6- de final de obra do proxecto de “Humanización da rúa Pazos e entronque”, de data 20 de xullo de 2015, por un importe de 2.478,63€, resultado de aplicar á medición xeral da obra efectuada con data 17 de xullo de 2015, os prezos unitarios incluídos no seu presuposto, coa baixa ofertada polo contratista e unha vez deducidos os importes das certificacións a conta xa aboadas, co seguinte detalle:

Presuposto de execución material:	121.536,22 €
A deducir execución mat. Certif. anteriores	119.463,42 €
Total execución material da presente certificación	2.072,80 €
Gastos xerais (13%)	269,46 €
Beneficio industrial (6%)	124,37 €
Total:	2.466,63 €
IVE (21)%	517,99 €
Presuposto de execución por contrata	2.984,62 €
Baixa adxudicación (16,953205700%)	505,99 €
Importe total	2.478,63 €

Esta certificación será aboada con cargo á aplicación orzamentaria 1550.619.00.10.

Segundo.- Quedar enterada do inicio do prazo de garantía da obra “Humanización da rúa Pazos e entronque”, que de acordo co contrato asinado en data 30/12/2014 se corresponde con 72 meses, os cales terán efecto a partir da data de 26/06/2015, correspondente a da acta de recepción asinada polas partes, polo cal o prazo de garantía remata o 26/06/2021. Polo cal o Responsable do Contrato dentro dos quince (15) días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, de oficio ou a instancia do contratista deberá redactar informe sobre o estado das obras e, se fora favorable, se deberá proceder á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, no seu caso, ao pago das obrigas pendentes, que deberá efectuarse no prazo de sesenta (60) días.

Da liquidación do contrato deberá darse conta, polo responsable do contrato, á Xunta de Goberno Local, salvo que existiran obrigas pendentes; en cuxo caso o seu abono deberá ser aprobado polo dito Órgano.

Terceiro.- Do presente acordo deberase dar conta ao Contratista para o seu coñecemento e presentación da correspondente factura polo importe da certificación final de obra aprobada no punto primeiro anterior.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1241).- TOMA DE COÑECEMENTO DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DAS LIQUIDACIÓNS COMPLEMENTARIAS DE PROMOCIONES CASAL CARREIRO S.A. EXPTE. 8518/407.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos de XMU, do 13.10.15, conformado pola xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

A partir de xaneiro do ano 2000 os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

Cando as autoliquidacións das taxas pola concesión de licenzas de obras e licenzas de actividades e instalacións non son correctas, realízanse liquidacións complementarias que, en algúns casos, non son ingresadas no período voluntario, polo que deben pasar á vía de constrinximento.

De conformidade coa base 48ª das bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio”.

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

O 5 de decembro de 2012 o Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo dictou resolución aprobando liquidacións complementarias tanto de licenza de obra como de actividade do expediente de legalización de obra para uso hoteleiro da edificación sita en Samil 61. A tal efecto remitiuse ao solicitante, Promociones M.Casal Carreiro S.A, sendas cartas de pago para que

efectuasen o pagamento nos prazos legalmente establecidos. Ditas reclamacións fóronlle notificadas o 2 de xaneiro de 2013.

A empresa Promociones M.Casal Carreiro S.A presenta o 1 de febreiro de 2013, no rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo, escrito de interposición de reclamación económica administrativa contra ditas liquidacións solicitando a rectificación das cuotas a pagar e a suspensión do procedemento cobratorio en período voluntario sen necesidade de aportar garantía algunha.

O 27 de agosto o Tribunal Económico-Administrativo resolve desestimando a reclamación económica-administrativa presentada pola empresa Promociones M Casal Carreiro S.A e inadmitindo a solicitude de suspensión.

Así pois, transcorridos os prazos de pago voluntario, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada das seguintes liquidacións complementarias de taxas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:

Liquidación de taxa por licenza de actividade:

34778/422 Promociones M Casal Carreiro S.A(B36921021) 6.327,70 euros

Liquidación de taxa por licenza de obra:

65646/421 Promociones M Casal Carreiro S.A (B36921021) 120.957,17euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.